21. Analizar as vantaxe e inconvenientes das distintas fontes de enerxía. Os principais recursos naturais dos que se dispón na UE, España e Galicia.
22. Coñecer a importancia da auga como recurso imprescindible.
23. Coñecer as características das actividades secundarias: o proceso histórico, os sectores industriais, principais zonas industriais mundiais e a importancia das deslocalización e a globalización. Tamén os factores de localización industrial e as consecuencias medioambientais destas actividades.
24. Describir o proceso de industrialización do caso español e os trazos industriais de Galicia.
25. Coñecer as características das actividades terciarias: comercio, transporte, turismo, medios de comunicación.
26. Describir a situación do sector terciario en Europa, España e Galicia.
27. Identificar os elementos que definen aos países subdesenvolvidos a través de indicadores (renta per cápita, débeda externa, PIB, IDH...) e os contrastes co mundo desenvolvido.

28. Interpretar as causas que provocan o desenvolvemento.
29. Identificar os principais problemas que constitúen o reto ambiental na actualidade e as medidas a adoptar.
30. Identificar conceptos e acontecementos históricos desde o século XV ó XVII.

### **A-. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN – 4º ESO**

Cuantificarse :

- Coñecementos e procedementos
- Actitudes, comportamento e traballo
- alumnado debe ter coñecemento de que é necesario
- Traer as clases o libro de texto e aquel material que o profesor demande. Non cumprir este requisito non exime de facer as tarefas correspondentes.
- Deberá manter a asignatura ao día informándose non caso de que haxa faltas, aínda xustificadas
- Debe ter un comportamento correcto para cos compañeiros e co profesorado sen impedir o desenvolvemento normal das clases

Si se cumpre o anterior o docente, cualificará observando os seguintes elementos:

- Chamadas na aula para corrección de exercicios e tarefas diarias

- Organización e disposición do material de traballo ( orden, actualización do caderno de clase)
- Participación activa
- Entrega e realización de exercicios e traballos axustados ao prazo e as indicacións
- Actitude

Estes datos figurarán no caderno do profesor.

A promoción no departamento de CCSS, Xeografía e Historia estrutúrase do seguinte xeito: A nota de cada unha das tres avaliacións é produto da nota específica da materia obtida a partires de exames, controles, exercicios, traballo e actitudes e, de ser o caso, das obtidas nas actividades de recuperación e reforzo

A promoción estará condicionada a ter superada cada unha das avaliacións a través da nota específica ou ben das actividades de recuperación e reforzo. A nota final será unha media aritmética das tres avaliacións superadas .

No Departamento realizaranse probas iniciais para a Avaliación inicial con:

- Controles nos que detectar a capacidade comprensiva e expresiva
- Exercicios
- Lecturas

A avaliación inicial ten por finalidade determinar os coñecementos previos do alumnado e non condiciona a cualificación nas avaliacións nin na nota final.

Na avaliación ordinaria teranse en conta

- probas obxectivas escritas: exames e controles
- actitude, participación na clase e realización das tarefas
- elaboración e presentación de traballos individuais ou grupais

O alumnado que se ausente terá que procurar manter ao día o material co que se teña traballado. No caso de ter que repetir unha proba escrita será necesario un xustificante oficial que explique a ausencia á convocatoria inicial. Durante este curso en situacións de ensino non presencial ou semipresencial utilizarase o Google Classroom como medio de comunicación.

A nota final non é produto soamente da media aritmética das notas obtidas nas avaliacións, senón tamén da estimación fundada do profesor a través da avaliación cualitativa realizada por el ó longo do curso atendendo á progresión ou retroceso nas aprendizaxes do alumno.

## **B-. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 4º ESO**

1. Dominar o vocabulario específico de cada unidade e definilo con claridade e precisión
2. Redactar con claridade e orde un epígrafe dun tema ou unha interpretación a partir dun texto, dunha fotografía ou calquera outra fonte e entregar traballos nos prazos establecidos
3. Ordenación cronolóxica dos principais feitos históricos e recoñecer os principais protagonista da historia.
4. Identificar e analizar movementos artísticos e obras de arte máis representativas de cada período e os autores e interrelacionalos cos contextos históricos nos que se desenvolven así con influencias anteriores e posteriores.

5. Coñecer e identificar os elementos básicos e ideólogos que conforman o Antigo Réxime: sociedade estamental, absolutismo monárquico, réxime señorial comprendendo os elementos que levarán a fin do mesmo. Liberalismo económico e revolucionario.
6. Identificar os trazos principais de diferentes teorías económicas como a fisiocracia, mercantilismo e as relacións co poder.
7. Comprender os principios do absolutismo monárquico e as teorías políticas de Hobbes, Bossuet e Locke.
8. Entender os principios da Ilustración e o Despotismo Ilustrado e os protagonistas, así como as consecuencias: culturais, económicas, a división de poderes, a declaración de dereitos.
9. A dinástica borbónica: orixe (guerra de sucesión, Filipe V, Fernando VI e Carlos III) e caracteres da súa política interna e externa.
10. Coñecer e describi-los principais revolucións políticas do XVIII: a Americana, coas causas, desenvolvemento e consecuencias, e a Francesa cos antecedentes, proceso e consecuencias.
11. Describir a política napoleónica: tratados, novo mapa político
12. Identificar os caracteres da Europa da Restauración, e coñecer o contido ideolóxico do liberalismo, nacionalismo e romanticismo e as consecuencias: revolución liberais, independencia dos EEUU e independencia das colonias españolas.
13. Coñecer as características da Revolución Industrial (I e II): factores, localización, medios, sectores e as consecuencias como o capitalismo industrial, a sociedade de clases e o movemento obreiro
  
14. Identificar os trazos significativos do nacionalismo en Europa (Alemaña e Italia) e o imperialismo europeo ( orixe, posesións e organización)



15. Analizar o panorama político da España do XIX: guerra da independencia, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. A restauración do absolutismo, o reinado de Fernando VII e Isabel II.
16. Verificar o coñecemento das causas, desenvolvemento e consecuencias da I Guerra Mundial e a crise dos anos trinta.
17. Explicar a revolución de Febreiro de 1917, fin do Tsarismo, o papel de Lenin e Stalin na formación da URSS. A ditadura estalinista.
18. Describir e recoñecer as características dos fascismos italianos e alemán. A evolución, ideoloxía e estruturación en Alemaña.
19. Identificar causas e describir características da II Guerra Mundial: bloques, ofensivas, conferencias de paz, a ONU e consecuencias finais.
20. Analizar a situación política, económicas social da España do primeiro terzo do XX: Alfonso XIII, ditadura de Primo de Rivera, a Segunda República, bienios e Fronte Popular
21. Coñecer as causas, evolución e consecuencias da Guerra Civil
22. Coñecer e identificar situación mundial no período da Guerra Fría: bloques, conflitos, e consecuencias co mundo da guerra fría ( China, Xapón, CEE, EEUU, URSS)
23. Analizar os trazos fundamentais da descolonización en Asia, África e Terceiro Mundo
24. Identificar as características e evolución fundamentais do estado franquista: política interior, económica e exterior, oposición e apertura nos anos 60.
25. Identificar as realidades actuais das principais potencias mundial e derradeiros acontecementos, conflitos e transformacións (fin do comunismo, globalización, mundo islámico...)
26. Identificar os trazos sociais económicos e políticos de Galiza en relación aos acontecementos históricos que se vaian estudando.

## A-. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN – 1º BAC

Cuantificarase

- Coñecementos e procedementos
- Actitudes, comportamento e traballo

O alumnado debe ter coñecemento de que é necesario :

- Traer as clases o libro de texto e aquel material que o profesor demande. Non cumprir este requisito non exime de facer as tarefas correspondentes.
- Deberá manter a asignatura ao día informándose non caso de que haxa faltas, aínda xustificadas
- Debe ter un comportamento correcto para cos compañeiros e co profesorado sen impedir o desenvolvemento normal das clases

Si se cumpre o anterior o docente, cualificará observando os seguintes elementos:

- Chamadas na aula para corrección de exercicios e tarefas diarias
- Organización e disposición do material de traballo ( orden, actualización do caderno de clase)
- Participación activa
- Entrega e realización de exercicios e traballos axustados ao prazo e as indicacións
- Actitude

Estes datos figurarán no caderno do profesor.

A promoción no departamento de CCSS, Xeografía e Historia estrutúrase do seguinte xeito: A nota de cada unha das tres avaliacións é produto da nota específica da materia obtida a partires de exames, controles, exercicios, traballo e actitudes e, de ser o caso, das obtidas nas actividades de recuperación e reforzo.

A promoción estará condicionada a ter superada cada unha das avaliacións a través da nota específica ou ben das actividades de recuperación e reforzo. A nota final será unha media aritmética das tres avaliacións superadas

A avaliación do aprendizaxe será continua e diferenciada así como integradora no proceso de ensino-apendizaxe do alumno co obxecto de detectar dificultades, averiguar causas e en consecuencia adaptar as actividades.

Na avaliación ordinaria teranse en conta

- probas obxectivas escritas: exames e controles
- actitude, participación na clase e realización das tarefas
- elaboración e presentación de traballos individuais ou grupais
- O exame ten dúas partes, unha teórica que vale cinco puntos e un comentario de texto que vale cinco puntos. Para aprobar o exame o alumno ten que ter no comentario como mínimo un 2,5. Cas preguntas de teoría non se aproba o exame.
- Os comentarios para a casa son de entrega obrigatoria.

O alumnado que se ausente terá que procurar manter ao día o material co que se teña traballado. No caso de ter que repetir unha proba escrita será necesario un xustificante oficial que explique a ausencia á convocatoria inicial.

A nota final non é produto soamente da media aritmética das notas obtidas nas avaliacións, senón tamén da estimación fundada do profesor a través da avaliación cualitativa realizada por el ó longo do curso atendendo á progresión ou retroceso nas aprendizaxes do alumno. Durante este curso en situacións de ensino non presencial ou semipresencial utilizarase o Google Classroom como medio de comunicación.

Para avaliación do alumnado que perdeu a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua seguirase o seguinte procedemento: Para aqueles alumnos e alumnas que perderan , polos motivos que constan no regulamento de réxime interno, o dereito a avaliación continua no Departamento elabóranse un exame final de avaliación de toda a materia. Neste exame incluíranse todos os contidos traballados durante o curso e constará de cuestións extraídas entre os contidos mínimos que figuran na programación. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a 5.

## **B-. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA 1º BAC.**

É necesario que os alumnos teñan ou saiban:

- ❖ Dominio do vocabulario histórico específico
- ❖ Cronoloxía: eixes, datas relevantes e delimitación de períodos e procesos
- ❖ Analizar fontes históricas escritas, iconográficas e cinematográficas

- ❖ Elaborar e comentar gráficas e cadros estatísticos
- ❖ Redactar, de xeito claro e correcto un epígrafe de un tema

Os contidos mínimos que se consideran fundamentais son :

1. Carácter xerais do A. Réxime (economía, sociedade, demografía, ideólogos, pensamento ilustrado)
2. Proceso de aparición a Revolución Industrial: cambios agrarios, sectores punteiros, o liberalismo económico e a sociedade urbano-industrial.
3. Proceso revolucionario en EEUU e as causas e consecuencias da Revolución Francesa. Coñecer unha síntese dos caracteres do Imperio Napoleónico, e o mapa da Restauración. Identificar as revolucións liberais e distinguir a ideoloxía nacionalista. Sintetizar o proceso de unificación alemá e italiana.
4. Coñecer as condicións de vida do proletariado e da burguesía, os movementos obreiros. Coñecer os principios do marxismo e anarquismo. Explicar o papel das Internacionais.
5. A Inglaterra vitoriana: trazos fundamentais. O II imperio e a III República ( secuenciación dos feitos). Describir a política de Bismarck e os trazos do Imperio Austro-Húngaro e ruso
6. Innovacións da Segunda Revolución industrial. Caracteres do capitalismo financeiro. Localizar os grandes imperios coloniais e explicar a política imperialista de EEUU e Xapón.
7. Coñecer as causas da I Guerra Mundial e as alianzas. Principais tratados de Paz e a S. De N. Coñecer os principais cambios territoriais.
8. Trazos da Rusia Tsarista e da revolución de 1905. Analizar causas da revolución de febreiro de 1917. o papel de Lenin. A Nep. Sintetizar as bases económicas e políticas do stalinismo.
9. Comprender as características da crise de 1929 e a doutrina de Keynes e o New Deal

10. Entender as causas da aparición dos fascismos e o seu desenvolvemento, así como a súa ideoloxía
11. Enumerar as causas da II Guerra e os bloques enfrontados. Coñecer a evolución do conflito. Comprender a magnitude do holocausto xudeu. Indicar as principais consecuencias da II Guerra (ONU).
12. Entender os conceptos de guerra fría e Pano de aceiro. Coñecer os bloques e as súas. Indicar os principais conflitos que se produciron neste período.
13. Coñecer as causas do proceso de descolonización a partir da IIª Guerra Mundial (movementos nacionalistas, líderes, conflito árabe-israelí) e a aparición do Terceiro Mundo.
14. Entender a nova orde internacional co papel de EEUU, o estado do benestar e o papel das novas potencias industriais do sueste asiático e o milagre xaponés. Especificar a area do capitalismo e trazos esenciais.
15. Identificar o espazo actual do comunismo, a democracia popular e os cambios da URSS ata a década dos 90 ( perestroika, desmembración da URSS) . Trazos esenciais do comunismo chinés.
16. A actualidade: o integrismo islámico, o conflito dos Balcáns, conflitos actuais. Coñecer as diferenzas entre sistemas autoritarios e democráticos.
17. Comprender o fenómeno da globalización e as repercusións así como o impacto das novas tecnoloxías e as novas realidades sociais.

## **A-. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN – XEOGRAFÍA DE ESPAÑA. 2º BAC**

O alumno ten que ser quen de:

- ☑ Definir con precisión os conceptos xeográficos básicos (aportamos o listado específico dos conceptos que esixiu o Grupo de Traballo para o curso 22021) De momento non temos directrices para o curso 21-22
- ☑ Desenvolver de xeito claro, ordenado e preciso unha cuestión xeográfica fundamental
- ☑ Resolver probas obxectivas sobre os contidos de resposta, aberta, de completar, de resposta pechada etc
- ☑ Realizar a lectura, interpretación, explicación e análise crítica de documentos gráficos
- ☑ Realizar exercicios de localización ou identificación de elementos xeográficos.

Teranse en conta os seguintes aspectos que, de non seren cumpridos, suporá unha cualificación negativa

- ☑ Traballo, actitude e participación na clase cun comportamento respectuoso para cos compañeiros e profesorado que non impidan o bo desenvolvemento da aprendizaxe
- ☑ Realización e entrega no prazo determinado de tarefas, esquemas, sínteses dos temas
- ☑ Traballos grupais ou individuais, orais e escritos e preguntas directas
- ☑ Dispor do libro de texto e o material necesario
- ☑ As probas escritas

A nota de cada avaliación será a media dos exames de avaliación, máis os aspectos recollidos no caderno do profesor. Ao ser avaliación continua en cada exame entrará a materia dada ata ese momento (será preguntada como Localización, Definición, Pregunta de resposta breve ou directamente incorporada ao comentario dos documentos gráficos que requiran incorporar os conceptos xa dados).

Non se contempla a recuperación agás naqueles casos que o profesor o considere oportuno.

A nota final non é só produto da media aritmética das notas obtidas nas avaliacións senón que se incluírá a estimación fundada polo profesorado a través da avaliación cualitativa que vai realizando ao longo do curso atendendo a progresión ou retroceso nas aprendizaxes do alumnado

No caso de ter que repetir unha proba escrita será necesario un xustificante oficial que explique a ausencia á convocatoria inicial. O alumnado que se ausente aínda de xeito xustificando terá que procurar manter ao día o material co que se teña traballado e entregar os comentarios e exercicios solicitados. Durante este curso en situacións de ensino non presencial ou semipresencial utilizarase o Google Classroom como medio de comunicación.

O procedemento de avaliación para os alumnos que perdan a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua é o seguinte:

Para aqueles alumnos e alumnas que perderan, polos motivos que constan no regulamento de réxime interno, o dereito a avaliación continua, no Departamento elabórase un exame final de avaliación de toda a materia. Neste exame inclúense todos os contidos traballados durante o curso e constará de cuestións extraídas entre os contidos mínimos que figuran na programación. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a 5.



## **B-. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA XEOGRAFÍA DE ESPAÑA.**

Os contidos mínimos relativos aos coñecementos, procedementos, as habilidades e destrezas son os indicados polo Grupo de Traballo de Xeografía da CIUG:

### 1) Natureza e medio natural en España

Trátase de que o alumnado localice e coñeza as características máis relevantes das formas maiores do relevo da Península Ibérica en relación cos grandes tipos de rochas, así como os acontecementos principais da súa evolución xeolóxica. Igualmente, debe identifica-los grandes dominios climáticos e as situacións atmosféricas que os caracteriza, sendo quen de interpretar diagramas termopluiométricos ou representacións barométricas significativas. En relación co anterior, deben coñecerse as características das grandes arterias fluviais e os seus réximes, en relación cos caracteres morfolóxicos e climáticos do territorio, sendo un apartado importante a reflexión sobre os problemas que presenta o aproveitamento da auga en España. E como síntese das anteriores circunstancias, deben coñecerse e interpretarse as paisaxes bioclimáticas que se derivan das diversas variables, así como as consecuencias da acción humana na transformación e degradación das paisaxes naturais.

### 2) Territorio e actividades económicas

Trátase de que o alumnado distinga o peso dos diferentes sectores de actividade económica (primario, secundario, terciario) en relación coa estrutura da poboación e os recursos existentes no territorio. Para iso debe ser quen de interpreta-los factores que explican a organización da explotación dos recursos agrarios e da pesca. Ten de asumi-las condicións do desenvolvemento industrial e os seus contrastes espaciais, coñecendo as fases da industrialización, os factores da localización e os desequilibrios territoriais. Así mesmo, debe ser consciente do imparable proceso de terciarización da

economía e da sociedade, así como do papel das actividades terciarias como elementos organizadoras da canalización dos bens e dos servizos (comercio, transporte, comunicacións, ocio e turismo). Todo iso en España e a súa aplicación en Galicia, sen esquecer-la posición dentro dun mundo globalizado

### 3) Poboación e urbanización

Trátase de que o alumnado coñeza a evolución dos efectivos humanos na súa secuencia histórica, de maneira que posúa un contexto temporal e espacial para analiza-los movementos naturais (natalidade, mortalidade, fecundidade, crecemento vexetativo, esperanza de vida), os movementos migratorios internacionais e interiores (sobre todo o papel da inmigración), a distribución no espazo e as estruturas da poboación. Como trazos da ocupación humana, deben coñecerse as características do proceso de urbanización nas súas etapas principais, así como a configuración da rede urbana española e galega. Sen esquecer-la comprensión e a interpretación da morfoloxía urbana e a súa configuración no plano, distinguindo no interior da cidade as áreas funcionais e históricas que conforman a súa paisaxe, con diversos exemplos característicos de España e Galiza.

### 4) A organización político-administrativa española.

Contrastes e políticas rexionais Trátase de que o alumnado comprenda as bases da división político-administrativa do territorio español, centrándose na situación actual e coñecendo as diferencias máis evidentes entre Comunidades Autónomas (tamaño, poboación, carácter histórico, capitalidade) e a articulación en provincias, concellos e parroquias, no caso de Galicia.

### 5) España e Europa no mundo

Trátase de que o alumnado comprenda as connotacións xeográficas dos procesos de globalización e das desigualdades territoriais, así como da inserción de España e Galicia no que se dá en chama-lo "Sistema-Mundo". O desenvolvemento socioeconómico de España, o seu presente e o seu

futuro xoeconómico e xeopolítico, aparecen indisolublemente ligados á súa inserción na Unión Europea, marco que o alumnado ten que coñecer adecuadamente e co que debe ter un alto grao de familiarización polas implicacións que terá no seu futuro persoal, social e laboral máis inmediato. Coñece-los trazos básicos de Europa e a UE, da posición de España e de Galicia na UE (e dos elementos básicos de comparación como tamaño, renda, poboación) e feitos elementais respecto á estrutura institucional da Unión Europea (breve historia, fitos do seu desenvolvemento, países que a forman e a formarán a curto prazo, institucións esenciais etc.) é unha maneira de contribuír á consolidación dunha necesaria identidade europea. Este apartado terá un tratamento transversal no resto dos bloques de coñecemento de maneira que en cada un deles se incida nos aspectos que sexan necesarios para contextualiza-las aprendizaxes.

Ademais destes bloques temáticos recollidos no DCB, non se debe esquecer a aproximación ás ferramentas, ás fontes, ó modo de expresión e de representación cartográfica, ó uso das TIC, á síntese xeográfica, á interpretación das paisaxes..., aspectos que deberán estar presentes de forma transversal no desenvolvemento de todos os contidos da materia.

## **A-. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN -2º BACH Hª ESPAÑA**

Valoraranse :

-O traballo, a actitude e participación

-Realización dos comentarios, sempre que se entreguen en prazo

-Dispor do material necesario

-Realizar os exames.

Tipos de probas

-Escritas sobre contidos explicados . O comentario de texto vale 5 puntos , o vocabulario 2 puntos e a pregunta 3 .No comentario o alumno ten que chegar ao 2,5, para telo superado .

-O comentarios realizados en cada avaliación, son de entrega obrigada .

Para avaliación do alumnado que perdeu a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua seguirase o seguinte procedemento:  
Para aqueles alumnos e alumnas que perderan, polos motivos que constan no regulamento de réxime interno, o dereito a avaliación continua, no Departamento elabóranse un exame final de avaliación de toda a materia. Neste exame incluíranse todos os contidos traballados durante o curso e constará de cuestións extraídas entre os contidos mínimos que figuran na programación. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a 5. Durante este curso en situacións de ensino non presencial ou semipresencial utilizarase o Google Classroom como medio de comunicación.

## **B-. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

O Departamento asume como mínimos, para obter unha avaliación positiva os que figuran nas Orientacións do Grupo de Traballo de Historia de España. Son aplicables a cada avaliación e a obter o aprobado (5) na avaliación ordinaria ou na extraordinaria.

- ❖ Redactar con claridade e coherencia a Composición sobre un tema histórico amosando os coñecementos e as capacidades de análise, de relación e síntese e utilizando o vocabulario propio da materia.
- ❖ Coñecer os feitos máis salientables das raíces históricas da España contemporánea e os grandes trazos da evolución territorial de España.
- ❖ Saber os contidos seguintes, na súa maioría establecidos polo Grupo de Traballo de Historia , e saber empregalos na resolución da Composición do comentario , da pregunta a desenvolver e do vocabulario específico que se pide en cada avaliación:

### **1 A quebra da Monarquía absoluta**

- impacto da Revolución Francesa. A Guerra da Independencia e a Constitución de 1812.
- A Guerra da Independencia contemplárase a partir das facilidades que atopan as tropas francesas na ocupación do territorio. A Guerra debe ser entendida non só como unha loita contra o invasor e dende posturas diferentes, senón tamén na súa vertente revolucionaria, como primeiro intento de construír unha España liberal.
- As Cortes de Cádiz son o mellor exemplo dese intento. Deben ser mencionadas as tendencias políticas nelas representadas, e destacarase o esencial do seu labor legislativo, estudando os principais decretos (señoríos, morgado, Inquisición); a Constitución de 1812 debe ser ben estudada nos seus puntos fundamentais (soberanía nacional, sufraxio, división de poderes) e comprendida como a primeira gran referencia do constitucionalismo español.
- A revolución liberal e as reaccións absolutistas no primeiro terzo do século XIX.

- Convén distinguir claramente as etapas do reinado de Fernando VII co fin de que os alumnos/as poidan percibir o período 1814-1833, como a crise permanente e definitiva do Antigo Réxime, modelo inviable fronte a un liberalismo que, á súa vez, sofre avances e retrocesos ata a morte do monarca.

## **2- A construción do Estado liberal e as súas dificultades.**

A España isabelina. O carlismo e as opcións liberais. Carlistas e liberais en Galicia. O Estado dos moderados e o seu labor.

Aínda que no estudo do período isabelino (1833-1868) poden e deben distinguirse etapas diversas, convén centrar a atención nos elementos xerais que lle confiren unidade, en tanto que é a época na que o liberalismo se asenta no poder de xeito xa irreversible, diferenciándose dos precedentes intentos frustrados dende 1808.

Dende este punto de vista, debe subliñarse a inestabilidade que caracteriza o réxime, e que ten o seu mellor paradigma nas catro Cartas Magnas elaboradas. Dende a carta outorgada de 1834 (Estatuto Real), aparecen perfiladas as dúas tendencias do liberalismo español, os moderados e os progresistas, protagonistas do xogo político reflectido en tres constitucións (1837, 1845, 1856). Os alumnos deben coñecer os principios liberais que as informan, como a soberanía nacional, a división de poderes ou a representatividade mediante sufraxio; pero debe facerse fincapé no moderantismo predominante na etapa isabelina, o que leva a que a Constitución de 1845 sexa a máis duradeira, amosándose nela os presupostos liberais sinalados: soberanía compartida Rei-Cortes e cámara alta de designación rexia e vitalicia. E todo nun contexto de maior ou menor limitación no sufraxio, segundo sexan moderados ou progresistas -estes en cortas parénteses- os que ocupen o poder.

A hexemonía moderada apréciase tamén no ámbito da orde pública: neste terreo debe ser mencionada a substitución da progresista Milicia Nacional pola moderada Garda Civil en 1844.

No ámbito administrativo, os alumnos deben saber que neste período se avanza na centralización e homoxeneización, seguindo postulados setecentistas amalgamados coa idea de liberdade. É necesario centrarse na nova ordenación territorial (provincias, municipios) a partir do deseño de Javier de Burgos en 1833, atendendo tamén aos mecanismos políticos para o seu control (Deputacións, Xefes Políticos, Corporacións locais), e insistindo na uniformización xurídica do Estado e dos cidadáns.

Cómpre deterse, por último, nas forzas ou tendencias políticas que o doutrinarismo liberal deixa fóra do sistema:

-Por unha banda, aqueles que dende posicións absolutistas e lexitimistas cuestionan a monarquía isabelina; os alumnos deben saber que este conflito conduce ao enfrontamento bélico cos seguidores de don Carlos.

-O Sexenio democrático. A Constitución de 1869. A Primeira República e o federalismo.

-A Gloriosa debe ser presentada en primeiro lugar como unha nova mostra do intervencionismo militar, esta vez asociada a un proxecto civil para resolver a incapacidade do moderantismo isabelino de dar resposta ás aspiracións dos progresistas radicais e dos demócratas. O cambio político concrétase nunha curta e densa etapa na que se suceden dous modelos de Estado, ambos os dous baixo a fórmula do parlamentarismo democrático. En conxunto, o Sexenio vén da man dunha burguesía progresista que require maior participación popular, se ben tratando de limitar a actividade do movemento obreiro.

-O novo réxime entroniza a Amadeo de Savoia ao abeiro da Constitución de 1869, na que cómpre fixar a atención como a máis avanzada Carta de liberdades do século XIX, xunto da republicana. Convén aludir á caótica aritmética parlamentaria e ao nacente internacionalismo como principais

factores que propician a renuncia ao trono do monarca e a proclamación da Primeira República. Sobre esta, ademais do seu proxecto constitucional (1873) -que concibe o Estado como unha federación-, debe coñecerse a loita cantonal que se desencadea, e na que se mesturan os intereses de burguesías locais e dun proletariado influído pola experiencia da Comuna; un cantonalismo que reborda dende a base ao propio federalismo e que asusta á alta burguesía, conducíndoa cara a posicións reaccionarias.

O Sexenio remata cunha nova intervención militar que supón o derrubamento do réxime republicano; neste punto debe insistirse na identificación definitiva do exército coa dinastía borbónica, o que permite a súa restauración na persoa de Alfonso XII, quen chega ao trono da man de Cánovas del Castillo.

A Restauración. O sistema político da Constitución de 1876 e o seu funcionamento.

A crise da Restauración. Do desastre de 1898 á folga xeral de 1917. O rexeneracionismo e a xeración do 98. O republicanismo.

O sistema así establecido, distanciado da cidadanía, irá paseniño acumulando un desprestixio institucional que se suma ao internacional. O desastre do 98 debe ser visto como o cénit desta situación: a perda das últimas colonias ultramarinas comporta danos humanos, económicos e morais que se deixarán sentir en toda a sociedade, pero dos que o exército -estritamente unido á monarquía e ao conservadurismo- sairá moi mal parado.

Fronte a estes intentos, deben citarse os factores que progresivamente van minando o sistema; atenderase fundamentalmente a:

-A presenza cada vez máis relevante de forzas políticas perpetuamente marxinas polo réxime restauracionista, entre as que cómpre destacar aos republicanos, ao Partido Socialista Obrero Español e a diversos nacionalismos periféricos.

-Á conflictividade social (débense lembrar datas como 1909, 1917 -folga xeral- ou 1921), alimentada polas crises económicas e que se inserta no contexto dun proletariado europeo en constante axitación e ás veces triunfante.



- O crecente intervencionismo militar na política española a partir de 1906 (Lei de Xurisdicións).

Os comezos da cuestión nacional en España: rexionalismo e nacionalismo en Galicia, País Vasco e Cataluña.

### **3- As transformacións socioeconómicas dende comezos do século XIX ata a Guerra Civil.**

A revolución liberal e o cambio agrario. As desamortizacións. A evolución diverxente das agriculturas en España. O caso galego.

A revolución agraria, de modo semellante ao ocorrido noutros Estados de Europa occidental, forma parte do proceso de construción do Estado liberal en España. Os alumnos deben coñecer os pasos básicos desta transformación, centrada fundamentalmente no ámbito lexislativo e que, no seu conxunto, constitúe a desamortización. Procurando unha mellor comprensión das medidas tomadas e do seu alcance real, convén presentar brevemente, como punto de partida, a situación xeral da propiedade da terra e da súa explotación a comezos do século XIX, así como o obxectivo final e global do proceso desamortizador: transformar a terra nunha propiedade privada libre de trabas e susceptible de ser explotada con criterios capitalistas.

Convén analizar o conxunto de medidas desamortizadoras nas súas características básicas, pero o alumnado debe tamén coñecer as fases e leis máis significativas do proceso: inicio (decretos de Cádiz), desamortización eclesiástica (Mendizábal, Espartero) e desamortización civil (Madoz). Para mellor comprenderen o conxunto da revolución agraria, convén relacionar estas medidas con outras, tamén importantes, destinadas a mudar o réxime de propiedade da terra, como foi a desvinculación dos señoríos.

Pola súa especificidade, cómpre deterse brevemente no caso galego, destacando o papel do foro na explotación da terra e como este condicionou os efectos da desamortización, nomeadamente a eclesiástica.

A pesar das múltiples e destacadas medidas legais do Estado liberal, non se logra unha auténtica modernización da agricultura e, polo tanto, do máis importante factor de renovación económica no século XIX. Neste sentido, convén destacar a importancia do mantemento dos vellos sistemas de explotación agropecuaria, así como analizar os principais elementos negativos na insuficiente modernización do sector agropecuario español (proteccionismo estatal, condicións naturais, carencia de capitais...),

relacionando esta insuficiencia cos restantes aspectos económicos directamente relacionados (a agricultura non xerou os excedentes precisos para obter capitais suficientes cos que potenciar a industrialización).

Estes contrastes poden ser abordados centrando a atención nalgún exemplo de carácter extremo: por exemplo, os progresos de Levante en contraste coa situación de Andalucía.

Industrialización e desindustrialización na España do século XIX: pautas rexionais. Factores internos e externos da evolución económica. O crecemento do primeiro terzo do século XX.

O alumnado debe coñecer as principais características do proceso de industrialización español: enfrontamento librecambismo/proteccionismo e a súa incidencia en zonas e produtos, escaseza de materias primas e de fontes de enerxía, dependencia do exterior, escaseza de capitais e de espírito empresarial, importancia do capital estranxeiro (sobre todo nos sectores mineiro e ferroviario), mercado interior pouco desenvolvido, fortes diferenzas rexionais...

Tendo en conta as grandes diferenzas espaciais do crecemento demográfico español, convén analizar o contraste entre a costa e o interior, así como relacionar o moderado crecemento demográfico xeral e o escaso desenvolvemento industrial co débil crecemento das cidades.

O fenómeno migratorio no século XIX constitúe un trazo característico do réxime demográfico, polo que debe ser analizado dende a caracterización dos principais tipos de movementos migratorios e das súas causas. Convén centrar a atención nos movementos exteriores (transoceánicos), destacando o caso da emigración galega; neste caso débense diferenciar etapas e destinos dos emigrantes, procurando establecer relacións cos acontecementos económicos e políticos dos países receptores.

Os novos grupos sociais. O nacemento e o desenvolvemento do movemento obreiro e do agrarismo. As súas derivacións políticas.

Aínda que se debe dedicar especial atención á aparición dos novos grupos sociais, convén caracterizar nos seus trazos fundamentais os grupos tradicionais (nobreza, clero e campesiñado), facendo fincapé nas transformacións orixinadas neles como efecto dos procesos desamortizador e industrializador.

Débese destacar a aparición de novos grupos como a burguesía e o proletariado industrial, en relación co desenvolvemento industrial e o crecemento demográfico. Convén matizar a diversidade da burguesía en función da súa orixe, actividade e capacidade de actuación para comprender mellor as consecuentes opcións políticas (por exemplo, en relación coa súa participación nos nacionalismos).

Débese tratar a aparición das primeiras formas de loita e reivindicación proletaria (ludismo, asociacionismo, AIT...), tamén xurdidas en relación co desenvolvemento industrial, así como identificar as principais ideoloxías que inspiran ao movemento obreiro (socialismo, anarquismo), ademais das súas máis significativas organizacións (UGT, PSOE, CNT). Igualmente, débense estudar os principais logros alcanzados polo proletariado nas súas reivindicacións (1º de maio, dereito de folga, xornada de 8 horas).

#### **4- España no período de entreguerras.**

Como ocorre no conxunto de Europa, aínda que con pequenos desfases

As orixes do réxime político da Ditadura de Primo de Rivera. O desenvolvemento da oposición e a caída da monarquía.

A quebra do réxime da Restauración: o alumno debe coñecer o fracaso das últimas esperanzas democráticas entre 1917 e 1919 (gobiernos de concentración) e a reacción conservadora fronte ao reformismo político nun contexto marcado pola mobilización social (trienio bolxevique), o terrorismo (asasinato de Dato) e a gravísima situación militar en Marrocos (desastre de Annual, 1921). Ante a incapacidade do réxime monárquico para favorecer unha democratización política (integración doutras forzas sociais e políticas), os intereses oligárquicos que dominaban dende a centuria anterior volveron impoñerse por medio dunha solución autoritaria. Esta reacción conservadora compón o caldo de cultivo do pronunciamento do xeneral Primo de Rivera, que chega ao poder en 1923 co non disimulado apoio do monarca.

A Ditadura de Primo de Rivera presenta dúas fases: o Directorio Militar (1923-25) e o Directorio Civil (1925-30). Na primeira delas compre aludir aos variados apoios políticos con que contou o réxime, así como a oposición irreductible da CNT e o PCE, xurdido este dunha escisión do PSOE en 1920. Como bases que permiten a aparente consolidación do xeneral no poder nesta primeira fase, deben ser mencionadas a suspensión da Constitución, a represión da oposición e as vitorias logradas en Marrocos co apoio francés. Respecto da segunda etapa, o alumnado debe saber que o Directorio Civil tratou de aproveitar a favorable conxuntura económica internacional promovendo un crecemento baseado na realización de obras públicas (estradas, política hidráulica e sector eléctrico) e no apoio á actividade industrial e mineira; no ámbito político, débese mencionar o intento de Primo de Rivera de crear unha especie de partido único -a Unión Patriótica-, mentres trataba de poñer en marcha estruturas corporativistas inspiradas no fascismo italiano. É conveniente abordar a fin do réxime dende que en 1927 se rexistrou un notable incremento da oposición política (FUE, FAI, nacionalismo

catalán...); como factores que precipitan a caída do ditador en xaneiro de 1930 compre considerar a crise económica dende 1929, o paso á oposición da UGT e do PSOE e o rexeitamento xeral do réxime por parte de intelectuais e partidos políticos.

A explicación da caída da monarquía debe partir do fracaso do intento de resucitar o réxime restauracionista con todas as súas esencias; é preciso ter en conta na explicación dous factores esenciais: os efectos económicos da crise (paro, colapso do comercio, retroceso da produción industrial...) e a vontade xeral das forzas de oposición fronte a unha monarquía totalmente desprestixiada (Pacto de San Sebastián, agosto de 1930). En última instancia, débese mencionar a celebración de eleccións municipais o 12 de abril de 1931. Dous días despois era proclamada a II República.

A II República. A constitución de 1931 e as grandes reformas nos distintos terreos. Etapas do réxime republicano. A conflictividade social, política, ideolóxica e nacional. O Estatuto galego do 36.

O estudo do período republicano debe comezar pola formación dun goberno provisional no que estaban representados todos os partidos do Pacto de San Sebastián e que inicia xa unha serie de reformas, sobre todo nos ámbitos agrario e educativo. É preciso destacar o claro triunfo que nas eleccións a Cortes Constituíntes (xuño 1931) obtivo a "conxunción republicano-socialista".

Entre 1931 e 1933 gobernou a República unha coalición de esquerdas presidida por Manuel Azaña; entre as importantes reformas que este goberno tratou de levar adiante, deben destacarse as seguintes: -a reforma militar, que gañou a inimidade de boa parte dos cadros do exército, -a reforma educativa, moi vinculada á cuestión relixiosa (matrimonio civil, divorcio), e moi mal acollida pola xerarquía eclesiástica, -a aprobación en 1932 do Estatuto catalán, mal vista polos defensores da "unidade española", e -a reforma agraria (Lei de Bases para a Reforma Agraria, 1932), centrada no latifundismo e no absentismo agrario, e que atentaba contra os intereses dos grandes terratenentes.

O triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 debe ser explicado atendendo a tres feitos: -o artellamento da oposición, dende as primeiras conspiracións monárquicas ata a creación en febreiro de 1933 da CEDA, liderada por Gil Robles, como elemento nuclear das dereitas. -as graves alteracións sociais (folgas, tentativas revolucionarias anarquistas), que en moitos casos remataron en traxedia (por exemplo, Casas Viejas) e limitaron os apoios ao goberno. -as divisións internas no seo do propio goberno.

### **5-A guerra civil: desenvolvemento e internacionalización do conflito.**

O golpe do 18 de xullo fracasou, pero supuxo o inicio dunha guerra civil que duraría tres anos.

A evolución bélica do conflito, que o alumno debe coñecer basicamente e preferentemente utilizando mapas, presenta a grandes liñas tres fases: 1.- 1936: da situación de partida á Batalla de Madrid. 2.-1937: intervención estranxeira e vitorias nacionalistas no norte. 3.-1938-39: as ofensivas finais e o remate da guerra.

Un aspecto importante que tratar é o da internacionalización da Guerra Civil, que se debe abordar como indisoluble do contexto europeo do momento, no que a guerra de España aparecía como unha confrontación ideolóxica entre fascismo e democracia, cando non entre fascismo e comunismo. Neste ámbito, é importante destacar o principio de "non intervención" e o seu incumprimento. É conveniente tratar os apoios cos que contou cada un dos bandos en conflito: mentres a República era axudada pola Unión Soviética, por Francia (de xeito máis esporádico e sobre todo "tácito") e polos voluntarios antifascistas integrados nas Brigadas Internacionais, os sublevados contaron co non disimulado e eficaz apoio da Italia fascista e da Alemaña nacionalsocialista.

Debe ser tamén abordada a diferente evolución sociopolítica e ideolóxica que experimentan durante a Guerra as "dúas Españas": na zona republicana o máis visible foi a fragmentación do esforzo militar e dos proxectos políticos, nunha continua dialéctica entre revolución, pulada pola CNT (colectivizacións, control obreiro das fábricas...) e guerra, favorecendo ao cabo as posicións do PCE nun goberno que perdía a contenda; na zona "nacional" xuntáronse os apoios dos sectores socioeconómicos, políticos e relixiosos contrarios á República, unificáronse as forzas políticas que apoiaron aos sublevados ata conformar un partido único do "Movemento Nacional" (Falange Española Tradicionalista y de las JONS), e sentáronse as bases legais e institucionais para a instauración dun réxime militar e caudillista baixo o liderado supremo do xeneral Franco.

## **6- O réxime de Franco.**

É indubidable a unidade histórica do réxime ditatorial iniciado no ano 1939 ata 1975. Non obstante, non se trata dun réxime estático senón que, ao longo da súa existencia, se aprecian etapas evolutivas que implican cambios decisivos na economía, a sociedade, a mentalidade, así como nas actitudes políticas e na reorganización dunha oposición política e sindical ao réxime.

O tratamento sintético pero interrelacionado de todos estes aspectos permitirá ao alumnado facerse coas claves principais para entender o precedente histórico inmediato da sociedade na que vive.

Fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista. Caracteres políticos e institucións do réxime. Autarquía e estancamento económico. España e a situación internacional dos anos corenta e primeiros cincuenta.

O franquismo foi o sistema político que aglutinou aos vencedores da Guerra Civil (1936-1939); durante esta contenda adoptou algunhas das características que o identificarán ata a súa desaparición. Débese sinalar a concentración dos poderes do Estado na persoa de Franco, subordinando o poder legislativo e mais o xudicial ao executivo. Cómpre precisar que esta unidade de poderes permitiu aglutinar a un amplo bloque de forzas políticas da dereita tradicional española (carlistas, monárquicos, sectores conservadores católicos representados pola CEDA durante a República...), xunto a grupos de inspiración fascista, como Falange e as JONS (unificadas pouco antes da guerra). Como instrumento de lexitimación do réxime franquista, cómpre salientar o decidido apoio da xerarquía da Igrexa católica, quen recibiu a cambio certos privilexios e prerrogativas (o catolicismo pasou a ser a relixión oficial do Estado), dando lugar á ideoloxía coñecida como nacionalcatolicismo, presente tanto na educación como en todos os ámbitos dunha vida pública controlada pola censura e a obrigatoriedade de permisos gubernativos previos. Así mesmo, é preciso salientar o papel do exército e das forzas de seguridade, que pasaron a ser instrumentos de disuasión fronte aos inimigos do réxime ou a calquera disidencia interna. Cómpre non obstante diferenciar entre a etapa anterior a 1945 (co fascismo italiano como modelo) e a de 1945-1959 (illamento internacional trala derrota dos fascismos e intentos de superación deste). Como elemento característico da primeira, pódese sinalar a aprobación do "Fuero del Trabajo", inspirado na "Carta di Lavoro" da Italia fascista e xermolo da lexislación laboral do franquismo. A partir de 1945, debe mencionarse a perda de influencia dos sectores máis próximos ao fascismo (Falange) e os intentos franquistas de achegarse aos vencedores da Segunda Guerra Mundial. Nesta segunda etapa poden mencionarse disposicións como o "Fuero de los Españoles", a "Ley de Referendum Nacional" ou a "Ley de Sucesión de la Jefatura del Estado", coas que se trataba de abandonar as formulacións máis nitidamente totalitarias e adoptar certos aspectos formais dos sistemas liberais (recoñecemento de certos dereitos persoais, sufraxio universal en ocasións especiais, proclamación de España como monarquía á morte de Franco...).



A política económica autárquica iniciada coa guerra civil prolongouse ata os primeiros anos cincuenta. Débense sinalar as súas pretensións esenciais, como a mellora das industrias de guerra e o abastecemento de materias primas, inspirándose no modelo italiano; o INI, creado en 1941, debe ser mencionado como instrumento principal desa política autárquica. Convén precisar que a autarquía, que se mantivo posteriormente como consecuencia do illamento internacional dende a fin da Segunda Guerra Mundial, nunca conseguiu os resultados apetecidos; durante os anos cincuenta produciuse un amortecemento das duras condicións impostas pola autarquía, se ben a súa superación non se producirá ata o Plan de Estabilización de 1959.

O Plan de Estabilización e as bases do desenvolvemento dos anos sesenta. Migracións interiores e exteriores e evolución da estrutura social. Os inicios da crise.

Cómpre aludir, neste contexto, á escasa evolución política real do réxime nesta etapa, malia que deben mencionarse algunhas medidas legislativas como a Lei de Prensa de 1966 e a Lei Orgánica do Estado de 1967, que poñen de manifesto uns tímidos intentos liberalizadores, pero tamén os seus límites: mantivéronse tanto a represión como a total exclusión política daqueles que non se identificasen co réxime. Débese sinalar que con elas se pretendía realmente a perpetuación do franquismo, e non unha transformación do sistema político, polo que se facían inviables as arelas de integración na Comunidade Europea, desexada por capas cada vez máis amplas do empresariado con intereses nos sectores exportadores.

As forzas de oposición á Ditadura. Os conflitos sociais e políticos. O significado do exilio. A dinámica política e cultural do franquismo.

O franquismo impúxose por medio dunha guerra civil na que a oposición política foi case totalmente eliminada ou obrigada a emprender o camiño do exilio. Sobre a súa actividade durante a Ditadura, débese comezar por destacar o intento -tralo remate da Segunda Guerra Mundial- de organizar un movemento guerrilleiro, promovido fundamentalmente polo Partido Comunista, apoiándose nalgúns grupos de fuxidos que permanecían en certas

zonas rurais; a experiencia fracasou principalmente pola falta de respaldo internacional tan pronto como os gobernos aliados se comprometeron coa política anticomunista da guerra fría -favorecedora do réxime franquista-, pero tamén debido á eficacia da represión e á falta de unidade da oposición. Polo que fai ao PSOE e aos republicanos (moi minoritarios no interior de España), cómpre mencionar a súa promoción dunha liña anticomunista, alentada por gobernos aliados nun contexto internacional marcado pola Guerra Fría, pero fracasada no seu intento de atraer aos monárquicos de D. Juan de Borbón. Especial referencia merece a reunión celebrada en Munich en 1962, á que acudiron personalidades do interior, como Gil Robles e representantes de Democracia Cristiana. Débese aclarar que a partir dese momento as forzas do exilio irán perdendo relevancia e protagonismo en favor da oposición que comezaba a articularse no interior. O Partido Comunista foi a forza mellor organizada e con máis presenza no interior, inda que esta seguía a ser escasa. Cómpre referirse ao seu illamento respecto das outras forzas de oposición, así como á súa decisión de disolver o movemento guerrilleiro cando -a principios dos anos cincuenta- se convenceu da súa inviabilidade. Dende entón debe subliñarse a súa opción de combater ó franquismo dende dentro dos propios aparatos do réxime, esencialmente os sindicatos verticais.

A oposición interior ao franquismo só adquiriu importancia fundamentalmente a partir da reorganización do movemento obreiro. Débese destacar a este respecto a fundación das Comisións Obreiras a principios dos sesenta. Os conflitos sociais adquiriron con frecuencia unha dimensión política pola ausencia de mecanismos de diálogo e participación, aspecto sobre o que poden poñerse exemplos como os acontecementos de 1972 en Ferrol e Vigo. Cómpre sinalar tamén certo protagonismo dos universitarios, que dende 1956, e sobre todo a partir de 1968, rexeitaron masivamente a ausencia de liberdades e reivindicaron un cambio político. Débese mencionar o incremento das protestas en Cataluña, o País Vasco e, en menor medida, Galicia, nas que se reclamaban ademais dereitos nacionais (lingüísticos, culturais, políticos) para estas comunidades. Os nacionalismos, duramente reprimidos, foron adquirindo unha influencia crecente, incluso entre forzas alleas a estas ideoloxías antes da guerra civil.

## **7- España, da transición democrática á actualidade.**

A transición democrática. A Constitución de 1978: valores, dereitos e deberes. O Estado das Autonomías e institucións representativas. O Estatuto Galego. A situación socioeconómica ata os anos 90.

Cómpre vincular o inicio da transición ao incremento das mobilizacións democratizadoras e á propia morte do ditador, que determina por si mesma a fin da ditadura no que tiña de réxime autocrático, explicando a diverxencia entre o anquilosado réxime político e o crecente dinamismo da sociedade (a aparición dun "Parlamento de papel"). Completando a análise feita no bloque anterior é recomendable coñecer as posicións rupturistas das forzas de oposición (nas súas agrupacións "Junta Democrática" e "Plataforma Democrática") a través dos aspectos centrais da súa proposta política para o posfranquismo (formas de Estado, fórmulas de reconciliación). Convén facer o mesmo cos grupos do réxime, dende o Búnker ao reformismo pragmático.

Os alumnos deben comprender a dinámica política posterior (1976-1977) a partir da imposibilidade de manter un réxime autoritario e simple continuador do franquismo (fracaso de Arias Navarro). Isto fixo necesario un achegamento continuo entre as elites políticas á busca dun compromiso que evitase os males do pasado, exemplificado na Reforma (ruptura pactada), a legalización do PCE, a amnistía e os Pactos da Moncloa. Para ilustrar as dificultades do proceso, cómpre atender a algúns conflitos que acompañaron a conquista das liberdades (prensa e opinión, folga, manifestación).

Por último, debe comprenderse o período 1977-1982 dende as dificultades da normalización democrática: os poderes fácticos, o golpe de estado e os fenómenos terroristas que tendían a impedir o proceso.

A Constitución de 1978 debe interpretarse dende a perspectiva do consenso (necesario pola debilidade das forzas políticas implicadas, incapaces cada unha delas de se impoñer) e da correlación de forzas derivada das primeiras eleccións. Neste sentido cómpre coñecer o sistema de partidos que se establece e os fundamentos do sistema electoral, así como a evolución do mapa político nas sucesivas eleccións. É preciso poñer en relación a análise da Constitución co estudado para períodos anteriores, tanto respecto de conceptos constitucionais básicos (a soberanía), como do tratamento de institucións que tiveron grande influencia nas vicisitudes da España contemporánea (o Exército, a Igrexa, a Monarquía) ou dos tres poderes, para entender en perspectiva histórica as solucións adoptadas en 1978.

A creación do Estado das Autonomías supón a primeira modificación do modelo de Estado e da súa administración territorial dende 1833, e debe entenderse en relación coa radicalización (no caso de Euskadi), unidade (en Cataluña) e reivindicación histórica (en Galicia) das forzas nacionalistas na transición. O alumnado debe ter algunha idea sobre as diferentes vías de desenvolvemento estatutario, en relación cos niveis máximo e mínimo de transferencias de competencias do Estado ás autonomías (da orde pública e educación á simple descentralización; tamén debe coñecer a solución que permite o recoñecemento dos tres idiomas. É conveniente que a concreción destes aspectos se faga a través do tratamento que se lles dá no Estatuto Galego, para o que tamén deben coñecerse os pasos e atrancos concretos que acompañaron á súa elaboración e tramitación.

Debe coñecerse a política internacional española posterior a 1975, vinculándoa co recoñecemento internacional da democracia española e coa normalización progresiva de relacións. Resulta conveniente analizar como un período coherente a este respecto a denominada "década socialista" (1982-1992), en relación coa entrada nos organismos internacionais que determinan o aliñamento do Estado español no ámbito occidental na fin da

era dos bloques. Neste sentido debe coñecerse o proceso de integración na OTAN, no Consello de Europa e noutros organismos, así como a celebración de importantes conferencias internacionais en España.

Respecto da entrada na CE, deben coñecerse as súas condicións e as principais consecuencias nos sectores produtivos, así como a evolución posterior á adhesión. Cómpre tratar así mesmo o papel español na construción da Unión Europea e a participación política nas institucións comunitarias (Parlamento, Comisión). Repasaranse tamén os problemas de aceptación de España antes de 1980, para comprender a adhesión dende a consideración do aval definitivo á chamada integración do Estado español no espazo europeo.

No estudo das relacións internacionais que mantén España, farase especial referencia a Latinoamérica, subliñando as súas raíces e razóns históricas, así como a evolución da liña política e dos intercambios comerciais mantidos nos últimos anos. Respecto das relacións co mundo mediterráneo, destacarase as mantidas cos países árabes e a normalización das relacións con Israel (Conferencia de Paz de Madrid...), contrastándoas co illamento e a escasa relevancia internacional de España durante o franquismo.

Galicia no marco español e europeo. As peculiaridades demográficas, económicas, culturais e políticas.

## **A-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN 2º BAC Hª ARTE.**

Realizaranse probas iniciais para detectar o punto de partida e posibles carencias. Teranse en conta os seguintes instrumentos:

- ❖ As probas escritas

- ❖ Actitude e participación na clase e disciplina en relación ao profesorado e compañeiros
- ❖ Disposición do material como o libro de texto e bloc de notas que deben estar ao día
- ❖ Realización e entrega de tarefas, esquemas, sínteses dos temas, traballos grupais ou individuais, orais e escritos e preguntas directas no momento que se soliciten
- ❖ Valorarse tamén o interese pola materia e o emprego de expresións axeitadas propias da materia así como a reflexión sobre os feitos artísticos

A nota de cada avaliación será a media dos exames de avaliación, máis os aspectos recollidos no caderno do profesor. Ao ser avaliación continua en cada exame entrará a materia dada ata ese momento e non se contempla a recuperación agás naqueles casos que o profesor o considere oportuno.

A nota final non é só produto da media aritmética das notas obtidas nas avaliacións senón que se incluírá a estimación fundada polo profesorado a través da avaliación cualitativa que vai realizando ao longo do curso atendendo a progresión ou retroceso nas aprendizaxes do alumnado

No caso de ter que repetir unha proba escrita será necesario un xustificante oficial que explique a ausencia á convocatoria inicial. O alumnado que se ausente aínda de xeito xustificando terá que procurar manter ao día o material co que se teña traballado e entregar os comentarios e exercicios solicitados.

Instrumentos de avaliación para o alumno que perdeu a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua.

Para aqueles alumnos e alumnas que perderan, polos motivos que constan no regulamento de réxime interno, o dereito a avaliación continua no Departamento elabóranse un exame final de avaliación de toda a materia. Neste exame incluíranse todos os contidos traballados durante o curso e

constará de cuestións extraídas entre os contidos mínimos que figuran na programación. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a 5.

### **B- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

O feito de que a asignatura sexa obxecto de exame nas probas de acceso á Universidade lévanos a ter que seguir as indicacións que o Grupo de Traballo da CIUG suxire respecto á contidos esenciais da materia como ao modelo de exame que van ter que superar. Polo tanto é necesario que o alumnado domine:

- ☒ Empregar un método de análise ordenado para cada obra de arte a analizar, con redacción e terminoloxía axeitada e sen incoherencias.
- ☒ Definición precisa dos conceptos artísticos básicos establecidos polo Grupo de Traballo
- ☒ Clasificación, análise formal e iconográfico así como do contexto histórico-artístico das obras máis destacadas das seguintes unidades que o Grupo de Traballo considera necesario insistir ao ser esenciais e significativas na formación e desenvolvemento da arte occidental

En canto aos contidos estes son os establecidos polo grupo de traballo

Raíces da arte europea: o legado da arte clásica.

- ☒ Grecia. A Arquitectura grega. As ordes. A Acrópole de Atenas. A evolución da escultura grega (facendo especial fincapé na escultura do período clásico).

☒ A visión do clasicismo en Roma: a arquitectura romana. Tipoloxías construtivas (insistindo no concepto espazo interno, como característico de arquitectura romana fronte á grega, para o cal analizaremos polo miúdo o Panteón).

☒ Achegas á primeira arte cristiá: a basílica. Arte bizantina centrándose en Santa Sofía de Constantinopla.

Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

☒ prerrománico español e a súa incidencia en Galicia analizando Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova.

☒ A arte románica como primeira definición de Occidente. A arte no camiño de Santiago, estudando como prototipo a catedral de Santiago, tanto en arquitectura como escultura. Innovacións cara ao gótico. Os mosteiros cistercienses en Galicia, centrándose no mosteiro de Oseira.

☒ A arte gótica como expresión da cultura urbana; o sistema construtivo. A catedral gótica (estudarse como prototipo arquitectónico Reims e como escultóricos o Pórtico Real de Chartres e a Anunciación e a Visitación de Reims. En canto a pintura, destacaranse as innovacións de Giotto.

Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

☒ A contribución dos primitivos flamengos. Centraranse en Van Eyck e as súas innovacións, moitas das cales serven de referencia á pintura italiana contemporánea

☒ Quattrocento italiano: a reformulación da linguaxe clásica. Centrarémonos en Brunelleschi, Donatello e Massacio como creadores dunha nova linguaxe, con ingredientes clásicos e humanistas en arquitectura, escultura e pintura.

☒ Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte italiana. Tomaremos como exemplo Leonardo, Miguelanxo, Rafael e Tiziano. A Miguelanxo analizáremolo como pintor, escultor e arquitecto (cúpula de San Pedro do Vaticano).



☒ Renacemento en España. Analizaremos fundamentalmente o Escorial e a pintura do Greco.

☒ Unidade e diversidade do Barroco. Faremos fincapé en San Pedro do Vaticano como obra de arte total xunguindo arquitectura, escultura e pintura, o que ademais nos servirá para engarzar coas achegas de Miguelanxo e Rafael que vimos no apartado anterior e para desenvolver a obra de Bernini como exemplo de arquitectura e escultura barroca italiana.

☒ Na pintura barroca destacaremos o tenebrismo de Caravaggio.

☒ No barroco español e galego, veremos as peculiaridades da nosa arquitectura analizando a obra de Domingo de Andrade (torre do reloxo da catedral compostelá), Fernando de Casas (Obradoiro) e Simón Rodríguez (fachada do convento de Santa Clara de Santiago); imaxinería a través de Gregorio Fernández e pintura a través de Velázquez.

O Século XIX : a arte dun mundo en transformación.

☒ A personalidade independente de Goya.

☒ Estudaremos a tendencia naturalista da arte do século XIX co seu apoxeo no impresionismo, centrándonos en Manet e Monet, e a súa transformación por Cezanne, Van Gogh e Gauguin. Aquí poderemos de pasada facer referencia ao descubrimento da fotografía e as súas consecuencias e a importancia do cartel (aínda que non sexan obxecto de pregunta no exame).

A Ruptura da tradición : a arte na primeira metade do s.XX

☒ Para non nos dispersarmos demasiado, explicaremos cada unha das vangardas facendo referencias a un só artista: o expresionismo (Munch), fauvismo (Matisse), cubismo analítico e sintético (Picasso, que tamén estudaremos nas outras etapas da súa evolución), abstracción (Kandinsky), neoplasticismo (Mondrian), dadá (Marcel Duchamp) e superrealismo (Dalí).

☒ Renovación da linguaxe arquitectónica: arquitectura funcional e orgánica; analizaremos a Le Corbusier e Wright.

☒ Faremos unha cita mínima ao estilo internacional na arquitectura (poderíanos servir de exemplo unha obra dun arquitecto galego, como Albalat; o edificio da Coca-Cola na Coruña), outra que nos sirva de base para a análise da arquitectura postmoderna e posteriormente veremos o deconstrutivismo (pódenos servir de exemplo a cidade da cultura de Santiago, aínda que sexa un deconstrutivismo final e xa moi mesturado).

☒ Nas artes plásticas centrarémonos no expresionismo abstracto (Pollock), o informalismo (Tapiés) e o pop art (Warhol e Lichstein, o que nos servirá para facermos unha referencia á banda deseñada). En escultura analizaremos a obra de Leiro, que nos valerá para ilustrarmos os cambios producidos na arte galega a partir da democracia e do estatuto.

☒ Se temos tempo, faremos unha referencia ás últimas tendencias.

O vocabulario de conceptos artísticos específico foi establecido polo Grupo de Traballo. É o seguinte:

*Ábsida, Altorrelevo, Aparello almofadado, Aparello de cachotería, Aparello de cantería, Arcobotante, Arco apuntado, Arco de ferradura, Arco de medio punto, Arco de faixa, Arco formeiro, Arco peraltado, Arco rebaixado, Arquitrabe, Arquivolta, Baixorrelevo, Baldaquino, Baptisterio, Base, Bóveda de aresta, Bóveda de canón, Bóveda de crucería, Canon, Capitel composto, Capitel corintio, Capitel dórico, Capitel xónico, Ciborio, Claroscuro, Clave dun arco, Cor plana, Cor primaria, Cor secundaria ou binaria, Cor complementaria, Columna salomónica, Contraforte, Contraposto, Cornixa, Cadro de Historia, Cadro de xénero, Cúpula, Curva praxiteliana, Deambulatorio, Doela, Espazo límite (escultura. Véxase H. Focillon, "La vida de las formas"), Espazo medio (escultura. Véxase H. Focillon, "La vida de las formas")a, Entablamento, Éntase Escultura de vulto redondo, Escultura exenta, Esfumado/sfumato, Estatua ecuestre, Estatua-columna, Estilo, Friso, Fuste, Iconografía, Iconoloxía, Imposta, Liña serpentinata, Ménsula, Métop, Modelado, Nártice, Natureza morta/bodegón, Paisaxe, Parteluz, Pendente, Perspectiva xerárquica, Perspectiva aérea, Perspectiva lineal, Pictórico, Piar, Pilastra, Plan central, Planta basilical, Planta cruz grega, Planta cruz latina, Plástico, Presbiterio, Retrato, Rosetón, Técnica de panos mollados, Tímpano, Torso, Tribuna Triforio, Triglifo, Trompa, Veladura, Xamba.*

### **A-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE 2º BACH –XEOGRAFIA E HISTORIA DE GALICIA.**

A avaliación será continua e diferenciada . Faremos unha avaliación inicial. Ademais de valorar o traballo, actitude e participación na clase. Probas escritas: unha por avaliación. Caderno de clase. Traballos individuais ou grupais. A nota final é a media aritmética das notas obtidas nas avaliacións, tendo en conta todos os factores anteriores. Durante este curso en situacións de ensino non presencial ou semipresencial utilizarase o Google Classroom como medio de comunicación.

Para aqueles alumnos que perderon o dereito á avaliación continua. O Departamento fará un exame final cuxos contidos estarán extraídos dos mínimos . A Avaliación positiva será de 5 igual ou superior.

### **B-MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.**

Adquirir o dominio dun vocabulario histórico e xeográfico con corrección.

Dominar a denominación xeográfica e cronolóxica

Buscar e seleccionar información da contorna.

Coñecer e analizar os trazos da Prehistoria Galega

Coñecer as etapas da Historia Antiga Galega

Adquirir os coñecementos da sociedade medieval e a orixe e expansión do Islam.

Coñecer as principais características da Idade Moderna galega .

Coñecer a historia contemporánea de Galicia .

Coñecer a evolución demográfica, relevo, unidades de paisaxe, as migracións de Galicia

Distinguir obras de arte galegas, A súa tendencia artística

Coñecer aspectos da organización urbana galega.

## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.**

### **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS.**

Un enfoque metodolóxico baseado nas Competencias clave e nos resultados da aprendizaxe conleva importantes cambios a concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, cambios na organización e na cultura escolar, require unha estreita colaboración entre docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe do alumnado, así como cambios na práctica de traballo e nos métodos de ensinanza. Os métodos didácticos han de elixirse en función do que sabemos é óptimo para acadar as metas propostas e en función do contexto en que ten lugar a ensinanza. A natureza mesma da materia, os condicionantes socioculturais, os recursos e as características do alumnado condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que cómpre que o método se axuste a estes condicionantes. Así, os cambios físicos propios da puberdade, o proceso aberto de definición da propia identidade, a inseguridade, o cuestionamento da autoridade establecida, a influencia do grupo de iguais, etc, son factores a ter en conta na situación ensinanzaaprendizaxe. Por outra banda, as posibilidades intelectuais destes estudantes cambian de xeito cualitativo ao longo da etapa,e é tamén o momento no que o alumno/a completa o seu proceso de socialización, que tamén terá a súa expresión no ámbito escolar. Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, ademais debe enfocarse á realización de tarefas ou situación-problema plantexadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo uso dos

coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así mesmo debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. En primeiro lugar, para que a aprendizaxe sexa eficaz cómpre tomar como referencia o nivel de partida, é dicir, o nivel competencial previo de cada alumno/a. Se a base da que dispón este está moi lonxe dos novos contidos, non poderá conectar de xeito natural con eles e só conseguirá unha aprendizaxe memorística. É por isto que resulta necesario que cada profesor/a recorde e active os coñecementos previos de xeito sistemático, xa que sobre eles se han asentarse os novos coñecementos. Por outra banda, o grao de motivación afecta directamente ao rendemento académico. Para incrementar a motivación convén que o profesor/a faga explícita a utilidade dos contidos que se imparten, tanto no ámbito académico como no ambiente cotián do alumno/a. Ademais, presentar algunhas tarefas coma un desafío, coma unha meta con certo grao de dificultade pero asemade asequible, aumentará o interese nos adolescentes e contribuirá a incrementar o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo, o que implica un novo papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe. Ademais o alumnado non só debe comprender o que aprende, senón para que o aprende e ser quen de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula. Así que se require unha metodoloxía activa e contextualizada, unha aprendizaxe por proxectos ou baseada en problemas para favorecer a implicación, a experimentación, a aprendizaxe funcional que posibilitará o desenvolvemento das competencias. Ese traballo por proxectos axudará ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

## 6-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### 6.1- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR: TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

En cada curso o alumno conta cun libro de texto, a partir do cal se organizan as actividades de aprendizaxe . Por outra banda, úsanse fotocopias de fichas e textos que durante este curso reduciranse ás imprescindibles, procurando utilizar a vía telemática (Google Classroom). A **Biblioteca** do Centro conta con numerosos recursos para consulta e fomento da lectura . Contamos co **Plan Lector** . Para reforzar o estudo contamos con:

- CD audio para traballar a comprensión oral
- Fotocopias de textos seleccionados para comentar ( a través de Classroom)
- Fotocopias de actividades de reforzo ( a través de Classroom)
- Distintas páxinas web suxeridas ao alumnado.

Dedicar tempo á lectura durante o desenvolvemento das clases é unha actividade imprescindible ligada á metodoloxía e aos procedementos específicos das disciplinas que imparte o departamento. Dadas as características intrínsecas das materias de Xeografía, Historia, e Historia da Arte a lectura non só se aplica a textos senón que amplíase a imaxes, gráficas, táboas, mapas, obras de arte etc. A lectura de documentos é a base do traballo

en Historia e, xunto coa análise e a interpretación dos mesmos, forma parte esencial da aprendizaxe dos alumnos, e dicir, a ensinanza e o estudo da Historia baséase nunha grande medida nos documentos escritos. Na Historia da Arte o maior peso recae na análise e interpretación de obras de arte pero non é posible realizar esa interpretación sen o concurso do contexto histórico nin sen o estudo das fontes textuais de todo tipo. Na Xeografía adquiren unha maior importancia as técnicas de análise e interpretación de mapas, gráficos e estatísticas.

Salientamos que a aportación das materias de XEOGRAFÍA E HISTORIA Xeografía e Historia ao fomento da lectura xa é en orixe moi elevada.

Ademais o Departamento en aplicación da Orde do 6 de setembro de 2007, publicada no DOG o 12-09-07 establece as seguintes accións para o fomento da lectura :

***a)Actividades sistemáticas***

- Utilización do libro de texto que soe ser o útil de traballo básico. Con el refórzase a lectura comprensiva e a resolución de problemas.
- Lectura na clase de textos, fragmentos ou seleccións
- Elaboración do caderno de clase no que se traballe a redacción, ordenación e claridade expositiva.
- Realización de exercicios, tanto os plantexados nos manuais como outros, dirixidos a reforzar a comprensión máis a construción de temas de xeito discursivo.
- Consultas en Internet ou bibliografía, sobre temas puntuais ou que xorden no traballo diario
- Consulta da prensa escrita para actualizar datos ou comentar noticias de actualidade vinculadas aos temas tratados nas aulas.



***b)Actividades puntuais***

- Elaboración de traballos monográficos coa recollida, tratamento e elaboración de material
- Confección de paneis e murais explicativos
- Recollida e selección de noticias de prensa
- Posible participación Proxecto Terra

Proxección de películas. Trabállase a pescuda de información sobre o filme a través de Internet para logo completalo con redaccións e sínteses.

Aproveitamento de lecturas básicas elaboradas especificamente para reforzar a lectura.

***Pescudas na biblioteca***

Para non truncar o gusto pola lectura impondo obras de lectura obrigada cada profesor suxerirá diversas obras aos alumnos para que as lean de xeito voluntario. Este curso traballarase a lectura Asterix e o Pictos en 1º de ESO e Pequeño País de Gaël Faye en 3º de ESO. Dedicarase tempo a ler obras completas ou partes das mesmas na aula.

Dende o Departamento propoñemos as seguintes no **ITINERARIO LECTOR:**

## **1º ESO:**

- Waltari, Mica; *Sinuhé, el egipcio*. Ed. Porrúa SA
- Évano, Brigitte; *Cuentos y leyendas del antiguo Egipto*. Ed Anaya.
- Benal, Ana I; *Tuthankamon, el faraón niño*. Ediciones el rompecabezas.
- Beyerlein, Gabriele; *El sol no se detiene*. Ed. Bruño.
- Robins, Phil; *Alejandro Magno y su gran fama*. Ediciones el Rompecabezas.
- Irigoyen, Ramón; *Las fábulas de Grecia*. Ed. Oniro
- Goscinny y dibujos de Uderzo; *Asterix el Galo*.
- Simpson, Margaret; *Cleopatra y su serpiente*. Ed. El Rompecabezas.
- Schacht, Andrea; *El oro del gladiador*. Colección libros singulares. ED. Anaya.
- Alfonseca, Manuel; *El sello de Eolo*. ED. Edebé. Plan lector
- Riordan, James; *Los doce trabajos de Hércules*. Vicens Vives.
- Rodríguez Serrano, Esteban; *El Greco, un pintor diferente*. Ediciones El Rompecabezas.

-Alcolea, Ana; *El secreto de la esfinge*. Ed. Anaya

## **2º ESO:**

- Mallorquí, César; *La Catedral*. Ed. SM

- Gallego, Laura; *Finis Mundi. El Barco de Vapor*. Ed SM.

- Irving, Washington; *Cuentos de la Alhambra*. Ed. Espasa Calpe.

- Olaizola, José Luis; *El vendedor de noticias*. Ed. Espasa Calpe.

- Clazada, Gorka; *Magallanes y el Cano, la primera vuelta al mundo*. Editorial El Rompecabezas.

- Nonidez, Manuel; *El aliento negro de Dios*. ED. Everest.

- Molina, M<sup>a</sup> Isabel; *El Señor del cero*. Ed. Alfaguara.

- Martínez Menchén; *La espada y la rosa*. Ed. Alfaguara Juvenil

- Sierra i Fabra, Jordi; *Y le llamaron Colón*. Ed. Edebé. Plan lector.

- Merino, Jodé María; *El oro de los sueños*. Ed. Alfaguara

- Dickinson, Peter; *El Clan*. Ed. Salamandra.

### **3º ESO:.**

- Merino, Ignacio; *La ruta de las estrellas*. Ed. Anaya

-Chevalier, Tracy; *La joven de la perla*. Debolsillo

- Nonidez, Manuel; *La cripta de los templarios*. Ed. Alhambra.

-Sierra y Fabra; *Llamando a las puertas del cielo*. Ed. Edebé

- Polo, Marco; *La ruta de las maravillas*. Ed. Vicens Vives.

- Muñoz Puelles, Vicente; *2083*. Ed. Edebé.

- Verne, Julio; *La vuelta al mundo en 80 días*. Vicens Vives.

-Pérez Reverte, Arturo; *Las aventuras del Capitán Alatriste*. Ed. Alfaguara.

-Pérez Reverte, Arturo; *El sol de Breda*. Ed. Alfaguara.

-Solar, María; *Os nenos da varíola*. Ed. Galaxia

#### **4º ESO:**

- *Asensi, Matilde; Iacobus. Ed. Plaza y Janés.*
- *Spiegelman, Art; Maus. Ed. Mondadori.*
- *Perez Reverte, Arturo; Las aventuras del capitán Alatriste. Ed. Alfaguara.*
- *Perez Reverte, Arturo; El sol de Breda. Ed. Alfaguara.*
- *Perez Galdós, Benito; Trafalgar. Ed. Anaya.*

#### **1º BACHARELATO: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

- *Vargas Llosa, Mario; La fiesta del chivo. Punto de lectura.*
- *Le Carré John; El espía que surgió del frío. Debolsillo*
- *Zusak, Markus; La ladrona de libros. Debolsillo.*
- *Claudel, Philippe; El informe de Brodeck. Ed. Salamendra.*

## **2º BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA**

- *Chacón, Dulce; La voz dormida. Punto de lectura.*
- *Perez Galdós, Benito; Episodios Nacionales. Trafalgar. Debolsillo.*
- *Pérez Reverte, Arturo, Un día de cólera. Debolsillo.*

## **2º BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE**

- *Eco, Umberto; El nombre de la rosa. Debolsillo*
- *Pérez Reverte, Arturo; La tabla de Flandes. Debolsillo*
- *Chevalier, Tracy-La joven de la perla.Debolsillo*
- *Sierra,Javier-La cena secreta .Debolsillo*

## FICHA PARA TRABALLAR A LECTURA.

<b>1º CONTIDO</b>
- Idea principal
- Resumo
<b>2º MARCO</b>
- Espazo (descrición dos lugares, ambientes sociais, países etc. onde se desenvolva o relato)
- Tempo (época na que se desenvolve, tempo que transcorre...)
- Análise dos personaxes (nome, descrições, maneira de falar, sentimentos, características culturais, o que fan...)
<b>3º - OPINIÓN PERSOAL</b>
Deberá contemplar a valoración razoada sobre aspectos como:
- Expresión e vocabulario
- Contido
- Os personaxes
- Valores que aparecen na obra
<b>4º VOCABULARIO</b>
Sinalar as palabras descoñecidas e o seu significado utilizando o dicionario.

## 6.2- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

As TIC abren novas vías de aprendizaxe e modifican o papel do profesor que ten que deixar de ser exclusivamente un transmisor de contidos e pasar a ser un desencadeador de procesos de aprendizaxe. Os libros de texto actuais ofrecen múltiples posibilidades para polas en práctica: direccións útiles en Internet, visitas virtuais, Google Earth, Web-Quest, actividades lúdicas...se ben hai que aclarar que os recursos dos que se dispón no centro son limitados e asemade non todo o alumnado ten o acceso desexado a estas posibilidades, ben por non ter ordenador, ben por non ter conexión a Internet. Durante este curso en situacións de ensino non presencial ou semipresencial utilizarase o Google Classroom como medio de comunicación.

No actual curso empregaremos as TICs en:

- Presentacións Power Point para explicar algúns temas do currículo na ESO e no Bacharelato
- Busca de información na rede, por parte dos alumnos, para facer pequenos traballos de investigación
- Fomentar o uso da busca desta información a través de exercicios con preguntas dirixidas
- Visitas a páxinas de cartografía dixital e a bancos de imaxes xeográficas para meteoroloxía, localización espacial etc
- Visitas a páxinas de contidos históricos e xeográficos para realización de xogos e actividades lúdicas



**7-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.** Modificación segundo establece a Orde do 25 de xaneiro de 2022 sobre avaliación de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional Básica.

A avaliación será continua, formativa e integradora. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, que xa aparecen anteriormente. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo coas datas fixadas pola Xefatura de Estudos, ao final de cada trimestre. O Alumno/a deberá:

Ter consigo o material que o profesor demande. Manter a materia ao día. Ter un comportamento correcto cos compañeiros e profesor-a. Participar activamente e entregar as tarefas en tempo e forma.

A cualificación estrutúrase deste xeito:

A nota obtense a partir das probas escritas, dous por trimestre 80%

Exercicios e traballos axustados no tempo indicado 10%

Entrega do caderno para revisar 10%

Realizaranse probas de recuperación para aquel alumnado que non superase a materia durante as tres avaliacións.

AVALIACIÓN FINAL: No período comprendido entre o 7 e o 23 de xuño, realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación tendo en conta o seguinte:

- O alumnado que teña parte ou toda a materia sen superar, unha vez realizada a terceira avaliación parcial, terá a posibilidade de recuperala a través dunha proba escrita. Esta proba será cualificada do 1 ao 10 e fará media coas avaliacións que teña superadas. De non ter ningunha avaliación superada fará unha proba de toda a materia.

- O alumnado que teña superada a materia, unha vez realizada a terceira avaliación parcial, terá a posibilidade de mellorar a súa cualificación a través da realización de traballos e outras actividades de repaso. Esta cualificación poderá incrementarse da seguinte maneira:

Actividades ben realizadas subirán un máximo de 1 punto

- se presenta o 75% obterá 0.75.

-se presenta o 50% obterá un 0.5.

-se presenta un 25% un 0.25

-se o traballo non cumpre o requerido non subirá a nota.

A PROMOCIÓN está suxeita ao logro dos estándares e grao de adquisición das competencias correspondentes. No caso de Bacharelato os comentarios de texto son de entrega obrigatoria no prazo establecido. Nas probas escritas o comentario valorarase con 5 puntos, e as preguntas teóricas con outros 5. No comentario de texto, o alumno/a ten que obter unha nota mínima de 2,5 sobre 5 para aprobar o trimestre correspondente.

En 2º Bacharelato, na materia de Historia de España traballaranse comentarios de texto, vocabulario e preguntas de teoría. En Historia da Arte: obras de arte e vocabulario. En Xeografía: gráficas, mapas, vocabulario e preguntas a desenvolver. Ademais do vocabulario específico de cada materia e a adquisición dos coñecementos propios de cada disciplina.

## **CONTIDOS A TRABALLAR EN HISTORIA**

Confección e interpretación de eixes cronolóxicos

- Análise, comentario e composición de textos
- Interpretación e comentario de mapas históricos
- Comentario de gráficas e estatísticas
- Comentario e recollida de noticias de prensa
- Comentario de películas e documentais

- Recabar información sobre aspectos históricos do entorno máis próximo co fin de ter un coñecemento máis directo da realidade na que se vive.

## **HISTORIA DA ARTE**

### **CONFECCIÓN E INTERPRETACIÓN DE EIXES CRONOLÓXICOS EN FUNCIÓN DOS ESTILOS ARTÍSTICOS**

- Recabar información sobre obras de arte do entorno ( Mosteiros de Camanzo e Carboeiro, Igrexa de Orrea...) co fin de visualizar os conceptos xerais no entorno máis inmediato
- Lectura, clasificación, análise e comentario de obras de arte
- Investigacións sobre obras de arte importantes

O grado de profundidade co que se traballará estas técnicas variará en función dos niveis, de xeito que no primeiro ciclo da ESO estas serán sinxelas e guiadas mentres a medida que avancemos de nivel ( 2º ciclo da ESO e Bacharelato) iranse complicando, en especial nos cursos de 2º de Bacharelato.

## 7.1-CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos, así como os criterios de avaliación das distintas áreas do currículo. Coa avaliación identifícanse logros, dificultades e erros para incidir inmediatamente sobre eles. A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan. Cualitativa, na medida en que se aprecian tódolos aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora, dado que achega ó alumno ou alumna a información precisa para melloral a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.
- Criterial, posto que realízase seguindo uns criterios preestablecidos.
- Sumativa, dado que a cualificación, tanto nas avaliacións durante o curso como na avaliación final e na de setembro, procede da media aritmética das cualificacións de probas, traballos, exames, actitudes, procedementos... Precisamos que a media aritmética estará matizada por aspectos como a participación, o esforzo, a progresión do

alumno de tal xeito que pode non darse unha coincidencia exacta entre a media aritmética e a nota.

- Formativa, en tanto que valora, competencias, capacidades, actitudes e procedementos.

É necesario, polo tanto:

- Sabe-lo esencial: definir, clasificar, comparar, sintetizar, explicar, analizar, valorar e argumentar.
- Elaborar e/ou interpretar: mapas, gráficos, bosquejos, fontes textuais e imaxes...
- Actividades de repasos, sínteses, mapas conceptuais...
- Empregar unha correcta expresión oral ou escrita ( en galego ou castelán)
- Nos criterios de avaliación e nos niveis mínimos expresados en cada unidade da Programación da E.S.O. queda de manifesto o que o alumnado debe acadar para a súa avaliación positiva.

Os tipos de probas son os seguintes:

### **Probas de elección de resposta.**

Tamén denominadas probas obxectivas, consisten en proporcionarlle ó alumno varias opcións entre as que debe escolle-la correcta. Se están ben formuladas, atópanse correlacións moi altas entre os rendementos avaliados con elas e os avaliados con probas máis complexas.

### **Probas de construción de resposta.**

**Destacamos tres tipos:**

- Probas de resposta pechada. Por exemplo, completar unha frase, encher un cadro ou un mapa de conceptos...
- Probas de resposta restrinxida.
- Probas de resposta aberta. Distinguímo-las de resposta breve, coma as cuestións, e as de resposta ampla, como a redacción de textos ou probas tipo ensaio.

- Probas non convencionais.

Existen probas non convencionais para avaliar non só coñecementos, senón tamén formas de actuación: a capacidade para enfrontarse a problemas, resolver tarefas complicadas, planificar o traballo, avaliar resultados... En suma, permiten coñecer un pouco mellor a evolución de cada alumno ou alumna, exemplo: a realización de tarefas, a corrección na presentación do caderno de clase, a participación en clase, prestar atención, responder as cuestións inmediatas que xorden na aula, propostas de dúbidas.... que nos permiten detectar erros conceptuais e proporcionan unha guía para coñecer cómo se planifican.

En todas as probas deberán constar a data e a valoración dos ítems que o alumnado debe contestar.

## 7.2- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das competencias básicas e dos obxectivos .Aconséllase o seu uso cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes. As características fundamentais deste tipo de medidas son:

☐ Non precisan dunha organización moi diferente á habitual.

☐ Non afectan ás compoñentes prescritivas do currículo.

Algunhas das máis usuais son:

☐ Metodoloxías diversas en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada intre demandan os alumnos.

☐ As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

☐ Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación.

As actividades educativas que se formulen deben situarse entre o que xa saben facer os alumnos de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus



compañeros, de tal forma que nin sexan demasiado fáciles e, por conseguinte, pouco motivadoras para algúns alumnos, nin que estean tan afastadas do que poden realizar que lles resulten igualmente desmotivadoras, ademais de contribuír a crear unha sensación de frustración nada favorable para a aprendizaxe. Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axusta-lo grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. É preciso ter previsto un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados como fundamentais, con distinto nivel de complexidade, que permita traballar estes mesmos contidos con esixencias distintas. No material, libros de texto e guías de profesor dispoñemos de material axeitado para desenvolver diferentes estratexias de ensino co obxectivo de facilitar aprendizaxes en función das necesidades concretas.

No que respecta ás Adaptacións Curriculares e aos Programas de Diversificación o departamento ten a disposición do Departamento de Orientación material con distinto nivel de complexidade, que permita traballar os contidos relativos a materia de XEOGRAFÍA E HISTORIA, Xeografía e Historia.

### **7.3- CRITERIOS DE AVALIACIÓN - 1º ESO**

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía. Elaborar mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de identificar as liñas básicas da orientación xeográfica e situar lugares no mapa mediante a lonxitude e a latitude. Así mesmo, permite avaliar se se sabe descodificar información simbólica, e interpreta-la para describir o contido da información expresada nun mapa.

2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.

Trátase de avaliar que se coñece o mapa físico do mundo nos seus trazos básicos e en particular de Galicia e España, que se localizan espacialmente os seus elementos e se é capaz de salientar aqueles que predominan en cada territorio, a dispersión dos núcleos de poboación en Galicia como resultado dunha longa evolución histórica.

3. Comparar os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoos no espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.

Trátase de avaliar que se é capaz de recoñecer e localizar no espazo os principais medios naturais do mundo, de caracterizalos e distinguilos en función da interacción dos trazos físicos predominantes para conformar paisaxes xeográficas diferenciadas, véndoas en relación coas formas de vida que posibilitan.

4. Interpretar a paisaxe do seu contorno, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamentos rurais ou urbanos.

Trátase de avaliar a capacidade de transferir os coñecementos adquiridos de cara á análise e interpretación dun espazo concreto e próximo, e comprender as interaccións que nel se producen, como a especificidade da paisaxe rural galega, as formas tradicionais de construción e asentamento ou as áreas urbanas.

5. Identificar e explicar exemplos de riscos e de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e proporcionando medidas e condutas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.

Trátase de avaliar se o alumnado coñece os principais problemas ambientais da actualidade, se os relaciona coas súas causas e os seus posibles efectos, así como se é capaz de expoñer accións que poden contribuír á súa mellora, a través da ciencia, da tecnoloxía, do consumo responsable, etc.

6. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia.

Tratase de avaliar se se usa como referencia temporal na localización de feitos e procesos históricos a periodización e datación correcta, e se se ten capacidade para identificar, en procesos referidos ás sociedades na Prehistoria e na Antigüidade, elementos de permanencia e de cambio. Deberán quedar claras as diferenzas entre tempo cronolóxico e histórico.

7. Identificar e expoñer os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valorar a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.

Trátase de comprobar que se identifican os elementos básicos que conformaron as principais sociedades depredadoras e os cambios que acompañaron a revolución neolítica, constatando as consecuencias que esta ten na evolución da humanidade. Valorarase a importancia cultural da arte rupestre e do megalitismo atlántico.

8. Diferenciar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa contribución á civilización occidental.

Trátase de comprobar que se é capaz de localizar no tempo e no espazo as civilizacións de Exipto e/ou Mesopotamia e de Grecia, e caracterizar os elementos básicos que as conformaron -esclavismo, patriarcado...- e as diferenzas existentes na súa organización política -teocracia e democracia-. Así mesmo, trátase de verificarse se é capaz de recoñecer os elementos relevantes da contribución de Grecia á civilización occidental.

9. Comprender os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica en que se desenvolveu e a súa particular forma de ocupación do territorio.

Trátase de avaliar a capacidade para percibir a influencia do pasado no asentamento, comparando o espazo ocupado polos castrexos e os límites actuais de Galicia, sen esquecer unha análise dos elementos sociais e artísticos máis elementais desta cultura. Farase fincapé nas relacións coas culturas urbanas mediterráneas e atlánticas.

10. Caracterizar os trazos da organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, valorando a transcendencia da romanización na Hispania e na Gallaecia e a pervivencia do seu legado.

Preténdese comprobar se o alumnado coñece a herdanza da civilización romana, con especial atención á organización político-administrativa, social, económica e cultural, e identifica, no patrimonio artístico e noutros trazos actuais, o legado desa civilización no noso país. Así mesmo, procuraranse desenvolver algunhas ideas sobre o significado do cristianismo e os novos asentamentos que se producen no mundo tardorromano: suevo e visigodo.

11. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

Trátase de avaliar se len de forma comprensiva diferentes fontes de información tanto arqueolóxicas como escritas, obtendo as ideas principais que conteñen e relacionándoas con

outras para formar esquemas explicativos, sendo capaz de comunicalas utilizando correctamente a expresión escrita.

## **7.4-.CRITERIOS DE AVALIACIÓN -2º ESO**

1. Describir os trazos sociais, económicos, políticos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa medieval a partir das funcións desempeñadas pola nobreza, o clero e o campesiñado e recoñecer a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.

Trátase de comprobar se os alumnos e alumnas recoñecen os elementos básicos que caracterizan a economía feudal, o papel social dos distintos estamentos coas súas relacións, identificando os cambios sociais, culturais e artísticos que introduce o renacemento das cidades e o fortalecemento progresivo da autoridade monárquica ata a aparición do Estado moderno.

2. Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media, distinguindo as súas peculiaridades e recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia do seu legado cultural e artístico, particularmente no mundo urbano.

Pretende coñecer como se identifican as distintas etapas na formación e consolidación dos reinos cristiáns e de Al-Andalus, as características políticas, económicas, sociais e culturais fundamentais e se recoñece a súa contribución cultural e artística a partir da análise dalgunhas obras relevantes e, en particular, a pervivencia destas contribucións nas cidades de orixe cristiá e musulmá.

3. Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel hexemónico que exerce a Igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento e establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.

Trátase de saber se o alumnado é quen de situar no tempo e valorar o momento de auxe do Reino de Galicia e as súas manifestacións culturais e sociais. Tamén, se sabe interpretar a significación particular do movemento irmandiño.

4. Distinguir os principais momentos na formación e evolución do Estado moderno destacando as características máis relevantes da monarquía hispánica e do imperio colonial español.

Trátase de comprobar se se identifican as distintas etapas da monarquía hispánica e as súas características políticas, así como o seu relevo na hexemonía europea, recoñecendo a importancia económica e política, para España e para América, do descubrimento ea formación

do imperio colonial español. Así mesmo, destacar a posición dependente de Galicia neste contexto temporal e a particular forma de relación socioeconómica que se establece no mundo rural galego.

5. Identificar e localizar os principais estilos artísticos do Medievo e da Idade Moderna, e aplicar ese coñecemento á análise dalgúns obras e autores representativos destes estilos.

Trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos diferencian os elementos básicos dos estilos artísticos medievais e da Idade moderna, contextualizándoos e subliñando a importancia dos estilos Románico e Barroco en Galicia.

6. Describir os factores que condicionan os comportamentos e movementos demográficos, utilizando os conceptos e indicadores básicos, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise do actual réxime demográfico de Galicia e España.

Preténdese avaliar se o alumnado coñece e se as alumnas e os alumnos son capaz de explicar, co vocabulario axeitado, as tendencias demográficas e as súas causas, utilizando estes coñecementos para analizar os contrastes, problemas e perspectivas que actualmente existen en Galicia, en España e no mundo. Do mesmo xeito, terán que analizarse as etapas da emigración galega e as súas consecuencias.

7. Identificar os trazos que caracterizan as sociedades actuais distinguindo a diversidade de grupos sociais que as configuran, e expoñendo algunha situación que reflicta a desigualdade social.

Trátase de avaliar se se coñecen os trazos da organización social, identificando os cambios que se produciron nos últimos tempos na familia, na mobilidade social, nos valores, etc., analizando os contrastes que se producen en diferentes áreas do mundo. Adoptarase unha actitude crítica fronte a manifestacións sexistas, racistas....

8. Analizar o crecemento das áreas urbanas e as súas novas modalidades, a diferenciación social e funcional do espazo urbano e algúns dos seus problemas, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.

Trátase de coñecer se o alumnado é consciente das causas que provocan o aumento da poboación urbana. Tamén se trata de avaliar, a través dalgún exemplo galego, se se identifican os sectores e funcións do espazo urbano e se se analizan os seus problemas e impactos, propoñendo medidas que contribúan a melloralos.

9. Realizar de forma individual e tamén en grupo, coa axuda do profesor, un traballo sinxelo de carácter descritivo sobre algún pazo ou mosteiro da comarca, utilizando fontes diversas (prensa, bibliografía, páxinas web, etc.), seleccionando a información máis relevante, integrándoa nun esquema ou guión e comunicando os resultados do estudo de forma intelixible.

Trátase de avaliar en que medida o alumnado é capaz de planificar e realizar un pequeno traballo de síntese ou indagación, se selecciona información pertinente en función do obxectivo proposto e a organiza adecuadamente. Por outra parte, permite comprobar se asume con responsabilidade as tarefas que lle corresponden como membro dun grupo .

## **7.5-CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3º ESO**

A LOMCE introduce as Avaliación Externas de fin de etapa. Con carácter formativo e de diagnóstico e serve para que os alumnos acaden os niveis de aprendizaxe. Se non se superan pódense repetir en sucesivas convocatorias.

1. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente aplicar este coñecemento á análise e valoración crítica dalgunhas realidades actuais.

Con este criterio preténdese avaliar se se coñece o funcionamento básico da economía e se dispoñen, polo tanto, das claves imprescindibles para analizar algúns dos feitos e problemas que lles afectan a eles ou ás súas familias (inflación, custo da vida, mercado laboral, consumo, etc.) ou que caracterizan a actual globalización da economía.

2. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes a que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas do campo e da pesca españois e galegos, identificando as súas orixes históricas.

Avaliarase se o alumnado sabe recoñecer os trazos dos principais sistemas agrarios e as súas paisaxes, así como as transformacións técnicas e socioeconómicas do mundo rural. Tamén comprobar se utilizan estes conceptos ao analizar os problemas máis destacados do mundo agrario actual, en particular o galego. Igualmente, sé son quen de analizar os principais problemas vinculados á actividade pesqueira.

3. Comprender e describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.

Trátase de avaliar se as alumnas e os alumnos coñecen os principais tipos de industrias, se identifican as actuais formas de produción e as novas paisaxes industriais e se localizan as zonas produtoras máis destacadas, comprendendo os factores que explican tal distribución. Igualmente, se se recoñecen as correntes de intercambio que xeran a produción e o consumo, nun contexto de relacións desiguais, analizando a situación actual da industria galega.

4. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analizar as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego.

Con este criterio trátase de avaliar que se coñece o progresivo proceso de terciarización da economía actual, así como o papel que teñen os transportes e as comunicacións no artellamento do espazo, utilizando este coñecemento para explicar a extensión de novas formas e procesos urbanos a partir da análise da realidade galega.

5. Describir algún caso, con preferencia do ámbito galego, que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sustentable e ofrecendo algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear a deterioración do ambiente.

Trátase de comprobar se o alumnado toma conciencia dos problemas que a ocupación e explotación do espazo pode xerar. Igualmente, que coñece posturas e

políticas de defensa do ambiente, suxerindo actuacións e medidas concretas que melloren a calidade ambiental e colaboren na busca dun desenvolvemento sustentable.

6. Identificar e localizar os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político administrativa e territorial galega e española

Preténdese avaliar o grao de comprensión da realidade político-territorial como unha construción ao longo do tempo, localizando os estados europeos, os grandes

países e áreas xeoeconómicas do mundo, e as comunidades autónomas españolas. Tamén a capacidade de analizar a situación de Galicia en Europa, valorando as repercusións das políticas comunitarias e as posibilidades de cooperación para superar as desvantaxes unha posición excéntrica.

7. Comprender os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explicar as causas da súa diferente organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixos de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espazo.

Trátase de avaliar a comprensión da organización espacial nestes dous ámbitos, integrando o medio físico, a ocupación humana do territorio e a actividade

económica, para explicar os contrastes e desequilibrios internos, analizando a súa natureza, causas, consecuencias e interrelacións.

8. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.

Avaliarase se se comprende a información estatística, expoñendo as súas conclusións, identificando diferenzas no grao de desenvolvemento e benestar entre países e dentro deles. Ademais, se se deducen consecuencias, amosando rexeitamento cara as desigualdades, e valorando de xeito crítico o papel que desempeñan organismos e institucións na loita contra elas.

9. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no axuízamento deste fenómeno

Preténdese avaliar que se saben utilizar os coñecementos sobre as tendencias do crecemento demográfico de desenvolvemento económico -en particular a división mundial do traballo- para explicar os fluxos migratorios predominantes. Valorarase a capacidade para emitir un xuízo razoado desde o respecto pola diversidade cultural e o rexeitamento das situacións de explotación e dos comportamentos xenófobos e racistas.



10. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.

Avaliase o manexo correcto dos instrumentos gráficos e cartográficos. Trátase de comprobar se se utilizan as posibilidades que proporcionan as ferramentas informáticas básicas.

11. Participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.

Con este criterio preténdese comprobar a sensibilidade ante problemas do mundo actual, tales como a existencia de situacións de racismo, sexismo, deterioración ambiental, actitudes consumistas,... Por outra banda, avaliar o uso axeitado da linguaxe oral e da argumentación, así como a aceptación das normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

## **7.6-CRITERIOS DE AVALIACIÓN -4º ESO**

A avaliación é continua e integradora aínda que diferenciada segundo as distintas áreas e materias. O modelo avaliativo é de carácter procesual-formativo e a través dese proceso identifícanse logros,

dificultades e erros para incidir sobre eles. A avaliación das aprendizaxes será continua e levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos así como os criterios de avaliación que a continuación se sinalan:

1.-Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.

Trátase de avaliar se as alumnas e os alumnos coñecen as principais etapas e períodos cronolóxicos e son capaces de comprender as nocións de simultaneidade e cambio, e os momentos e procesos que caracterizan o tránsito dunhas etapas a outras, aplicando estas nocións á evolución histórica desde o século XVIII ao momento actual

2. -Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.

Trátase de comprobar que se é capaz de explicar os factores que inflúen nun feito ou proceso histórico significativo, recoñecendo a natureza, xerarquización e interrelación das causas, así como as súas consecuencias a curto e longo prazo.

3. Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.

Trátase de comprobar, partindo do coñecemento dos trazos xerais da sociedade no Antigo Réxime, que se recoñecen os cambios producidos no século XVIII, describindo o carácter centralizador e reformista do despotismo ilustrado en España e Galicia, destacando neste caso os esforzos de mellora económica e a reivindicación dunha cultura propia

4. Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.

Búscase comprobar que se recoñecen os cambios que a revolución industrial introduciu na produción e os diferentes ritmos de implantación do proceso en Europa e en Galicia, así como as transformacións que dela se derivan coa aparición de grupos sociais que planean reivindicacións desde posicións sindicais, socialistas ou anarquistas. Tamén, comprobar se identifican e se saben explicar as bases políticas, sociais, ideolóxicas e administrativas do liberalismo e do nacionalismo e o xeito particular de implantación do Estado liberal en España e en Galicia, coa significación que ten o proceso desamortizador e o sistemacaciquil.

5. Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.

Trátase de avaliar que se coñecen os acontecementos máis relevantes que explican o protagonismo de Europa durante a época do imperialismo e as consecuencias desta expansión colonial no ámbito das relacións internacionais e dos propios países.

6. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeográficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.

Preténdese valorar se se identifican os principais acontecementos e procesos e as súas interaccións no panorama internacional desta época -como son a revolución rusa, as guerras mundiais, a gran depresión-, e os trazos básicos dos totalitarismos contraponéndose a réximes democráticos.

7. Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión de algúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.

Trátase de comprobar que o alumnado é quen de analizar os procesos de descolonización, a división do mundo en bloques, a súa crise e a problemática conformación dunha nova orde mundial, co fin de

comprender mellor a realidade presente. Será de interese comprobar a capacidade de analizar algúns problemas internacionais actuais á luz dos acontecementos citados.

8. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.

Trátase de avaliar se o alumnado recoñece as causas da crise da monarquía parlamentaria, as políticas reformistas emprendidas durante a Segunda República, a quebra que supón a guerra civil, a caracterización e evolución do franquismo –desenvolvemento económico e cambios sociais- e a transición política ata a Constitución de 1978, e a consolidación do Estado democrático e autonómico no marco da pertenza de España e de Galicia á Unión Europea.

9. Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permitan obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para abordar, asesorado polo profesor, o estudo dunha situación do mundo en que vive, buscando os antecedentes e causas que a orixinan, aplicando os seus coñecementos para prever, desde a lóxica, as súas posibles consecuencias. Tamén de comprobar se ten

iniciativa para planificar o traballo, acceder con certa autonomía a diversas fontes de información, analizar e organizar esta e presentar as conclusións de maneira clara utilizando, de ser o caso, as posibilidades que ofrecen as TIC.

10. Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conectalos a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.

11. Libros de lectura obligatoria: 1era avaliación: “María Antonieta” de Stephan Zweig; 2ª avaliación: “Kim de la India” de Ruyard Kipling, 3era avaliación: “Los pícaros Borbones: de Felipe V a Alfonso XIII” de José María Solé

## **7.7 -CRITERIOS DE AVALIACIÓN -1º BAC**

1. Identificar e caracterizar as características básicas que permiten definir as sociedades do Antigo Réxime.

2. Sinalar as transformacións que se producen no século XVIII como antesala da crise do Antigo Réxime: cambios demográficos, de organización política e económica, de estrutura social e cultural.

3. Situar cronoloxicamente os acontecementos e procesos relevantes da historia de Europa e América que tiveron lugar entre os séculos XVI e XVIII, especialmente os deste último século.

4. Asociar os acontecementos relevantes con determinados personaxes significativos da época e a súa influencia no desenvolvemento histórico posterior.

5. Analizar algún dos episodios destacados do século XVIII, atendendo á interrelación, no contexto da época, da acción individual e as mentalidades e comportamentos colectivos.

6. Obter e analizar información sobre o pasado de fontes diversas, valorar a súa relevancia e establecer relacións cos coñecementos adquiridos.

7. Redactar un informe sobre algún feito histórico da época analizada a partir da información de distintas fontes; por exemplo, a evolución da monarquía no século XVIII e a súa permanencia ou desaparición en diversos países de Europa.

8 .Identificar e caracterizar as transformacións relevantes na orde territorial, político e institucional que tiveron lugar na Europa central e oriental, sinalando o seu diverso grao evolutivo en función dos seus intereses.

9. Situar cronoloxicamente os acontecementos e procesos relevantes da evolución interna de cada unha das grandes potencias na segunda metade do século XIX, abordando a relación existente entre a acción de goberno e a resposta social en cada país.

10. Identificar e explicar os principios que definiron a actitude individual ou colectiva das relacións internacionais na etapa 1870-1914.

11. Situar cronoloxicamente e distinguir as características dos períodos en que se enmarcan a evolución política e institucional de cada gran potencia.

12. Situar no tempo e no espazo o fenómeno do nacionalismo, as súas bases sociais e ideolóxicas e as consecuencias na cuestión balcánica e na descomposición dos grandes imperios da Europa central.

13. Caracterizar as transformacións máis significativas de carácter territorial que se produciron nesa área desde o último terzo do século XIX.

14. Obter e analizar información sobre o pasado de diversas fontes, para elaborar a explicación dalgúns dos cambios producidos tras o proceso de disputas territoriais e conflitos armados na rexión ata 1918.

15. Situar cronoloxicamente os acontecementos e os procesos máis relevantes relativos as orixes e ao desenvolvemento da Gran Guerra.

16-. Explicar as causas –a curto e medio prazo– económicas, políticas, ideolóxicas, etc., que concorreron no estoupido do conflito, así como as súas diversas consecuencias.

17-. Identificar os principais mecanismos arbitrados pola Sociedade de Nacións para manter a paz, garantir a seguridade colectiva e regular pacificamente as relacións internacionais.

18-. Explicar os factores que interviñeron no desencadeamento, tanto dos procesos de prosperidade dos anos vinte como da crise económica e a Gran Depresión dos anos trinta, as súas características, os seus mecanismos de difusión, e analizar as consecuencias máis importantes que tivo nas mentalidades e no agravamento dos conflitos sociais, políticos e nas relacións internacionais.19-. Redactar un informe do fenómeno actual da extrema dereita e do

neofascismo como una ameaza latente que se cerne sobre os valores de convivencia pacífica e de tolerancia propios das sociedades democráticas.

20-. Redactar un informe sobre as evidencias e as negacións relativas ao Holocausto xudeu a partir da información de fontes diversas.

## **7.8-. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. 2º BAC - Hª ESPAÑA**

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar os elementos característicos das primeiras culturas peninsulares.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos do feudalismo peninsular.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Situar no tempo e no espazo as diversas culturas medievais peninsulares.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos da monarquía hispánica.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Recoñecer a orixe e xustificación da monarquía absoluta.

- Coñecer algúns aspectos do pensamento ilustrado.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos do Antigo Réxime.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Identificar as características principais do Estado liberal moderado en comparación con outros modelos de réxime representativa.
- Identificar os elementos característicos do sistema liberal.
- Recoñecer nos acontecementos revolucionarios do século XIX as bases do sistema democrático.
- Identificar as ideoloxías políticas dominantes e as minoritarias do século XIX en España.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Coñecer os feitos históricos máis relevantes do século XIX español.
- Identificar os elementos característicos do sistema político da Restauración.
- Identificar as causas que levan á crise do sistema.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Coñecer e valorar a diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo
- Identificar e caracterizar os trazos característicos do desenvolvemento económico no século XIX.
- Recoñecer as principais correntes de pensamento dos movementos sociais.
- Mostrar capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.

- Coñecer a orixe e o desenvolvemento da Guerra civil.
- Recoñecer as principais forzas políticas que se desenvolven neste período.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos e procesos relacionados co tema tratado.

## **7.9- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.2ºBAC-XEOGRAFÍA.**

1. Describir os trazos xerais do medio natural español, recoñecer e localizar a diversidade de medios ecoxeográficos de Galicia e de España, identificando as variables e as relacións dinámicas que os configuran.

Mediante este criterio trátase de avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e localizar os principais medios ecoxeográficos en Galicia e en España e de explicalos desde un enfoque sistémico. Deberá avaliarse tamén a comprensión da orixinalidade das distintas paisaxes naturais, apreciando a súa riqueza e o seu carácter irrepetible.

2. Identificar e analizar os principais riscos e problemas ambientais que afectan España, coñecendo as políticas que ao respecto se propoñen no ámbito estatal e internacional e mais aplicando este coñecemento ao estudo dun problema ambiental, identificando as súas causas, relacionándoas coa actividade humana e comprometéndose activamente na súa solución.

Trátase de comprobar se o alumnado analiza o impacto das accións humanas sobre o medio, valorando o grao de conservación ou destrución dun espazo concreto a partir da observación directa e do manexo de diferentes documentos xeográficos. Valorarase, así mesmo, a toma de conciencia sobre o uso racional dos recursos, o respecto ao medio natural e o desenvolvemento sustentable, así como a importancia das medidas e políticas orientadas para tal fin, coñecendo os compromisos internacionais acadados para a conservación e recuperación do medio natural.

3. Caracterizar os diferentes espazos produtivos españois, identificando os factores de localización e de distribución, as tipoloxías resultantes, así como a súa dinámica recente e as tendencias actuais, tendo en conta os contextos europeo e mundial.



Este criterio trata de avaliar a capacidade para situar e caracterizar os principais espazos agrarios, industriais e de servizos, cunha perspectiva dinámica que permita recoñecer os factores de cambio e a incidencia das actuacións políticas, en especial, da pertenza á Unión Europea. Tamén se terá en conta a comprensión dos fenómenos espaciais a que dan lugar as actividades económicas: identificación e análise de paisaxes, desequilibrios na distribución en Galicia e en España, relación e impacto en procesos territoriais. A análise detallada centrarase nalgún sector de marcada relevancia na economía galega.

4. Analizar a distribución, estrutura, dinámica e perspectivas da poboación española e galega, valorando a importancia dos movementos migratorios e recoñecendo a segregación espacial derivada das situacións de inxustiza cara aos desfavorecidos economicamente, cara aos inmigrantes e cara ás mulleres.

Este criterio trata de avaliar a comprensión de conceptos demográficos básicos, a destreza no manexo e interpretación de distintas fontes e formas de representación gráfica. Deberase analizar a evolución da poboación española e galega e proxectala cara ao futuro, apreciando as consecuencias da estrutura demográfica e o papel que a inmigración ten na nosa sociedade, contextualizándoo no marco europeo e mundial. Teranse en conta as repercusións que os cambios na situación sociolaboral das mulleres e as políticas sociais tendentes á súa plena integración social en pé de igualdade teñen no movemento natural español e galego.

5. Analizar o proceso de urbanización español como o resultado da concorrencia de distintos axentes e intereses, así como de decisións políticas e técnicas, dando lugar a unha morfoloxía e estrutura determinada. Identificar o papel do sistema urbano na configuración do territorio.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado sabe relacionar o proceso de urbanización con outros de tipo socioeconómico e comprender o alcance que as novas pautas de crecemento urbano teñen

no territorio español, dada a intensidade do proceso e as súas peculiaridades na etapa máis recente, a través dalgún exemplo de Galicia. Trátase tamén de valorar se identifica, a partir de planos e outras fontes, a estrutura e dinámica da cidade. Interesa igualmente que se comprenda a importancia da planificación urbana e a xestión democrática como mecanismos de contención dos procesos especulativos, o crecemento anárquico e a segregación espacial.

6. Comprender o papel da ocupación do territorio e das actividades económicas na conformación das grandes unidades paisaxísticas de Galicia e de España, localizándoas e identificando os seus

elementos e dinámicas, tomando conciencia da necesidade de políticas globais de ordenación territorial.

Este criterio pretende comprobar a comprensión sistémica das paisaxes como síntese das dinámicas xeográficas. Avaliarase tamén o nivel de competencia para analizar criticamente os modelos de ocupación do territorio predominantes en Galicia e en España, considerando a ordenación territorial como mecanismo para conciliar os distintos intereses e garantir o desenvolvemento sustentable e harmónico.

7. Analizar a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais para percibir, mediante a utilización de distintos indicadores, a desigual distribución de riqueza e poboación entre as comunidades autónomas e no seu interior e mais valorando as políticas españolas e europeas de corrección de desequilibrios rexionais e os mecanismos de organización e participación activa da cidadanía.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende o territorio español como unha realidade xeográfica plural construída a través do tempo e organizada na actualidade en distintos espazos político- administrativos. Avaliarase a súa identificación e localización, así como a comprensión dos efectos espaciais derivados desta organización administrativa. Trátase tamén de comprobar a capacidade para analizar as diferenzas e desequilibrios entre as comunidades autónomas, mostrando coñecemento das políticas de cohesión e a súa incidencia en Galicia e a súa competencia para a participación activa e autónoma na sociedade civil.

8. Identificar as características do sistema mundo e os trazos básicos da Unión Europea para comprender os factores que explican a inserción de España nunha área xoeconómica e xeopolítica determinada e as súas consecuencias espaciais, atendendo de xeito especial as que afectan a Galicia e o seu papel nas políticas transfronteirizas.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende como afecta a globalización ao territorio español. Será especialmente importante que este coñecemento abranga a comprensión das repercusións da pertenza á Unión Europea, así como a relación con outras áreas xoeconómicas, evidenciando o proceso de universalización do espazo xeográfico, afectado por problemas comúns e con centros de decisión supranacionais.

9. Obter, seleccionar e utilizar información xeográfica de fontes variadas (o propio contorno, cartográficas, estatísticas, textos e imaxes, tecnoloxías da información e comunicación) para interpretar a realidade xeográfica, empregando na súa comunicación un vocabulario específico e as técnicas gráficas e cartográficas.

Con este criterio preténdese comprobar que se adquiriron as competencias necesarias para a abstracción do espazo e destreza no manexo de distintas fontes de información, entre as que deben figurar con especial relevancia as cartográficas, as achegadas polas tecnoloxías da información e da comunicación e a observación directa ou en imaxes. Deberán interpretarse, relacionándoas cos coñecementos aprendidos, empregando as técnicas xeográficas oportunas.

10. Realizar saídas ao contorno e traballos de campo, formular cuestións ou problemas sobre a área de estudo, recoller directamente a información e elaborar e presentar un informe estruturado utilizando un vocabulario xeográfico correcto.

Este criterio trata de avaliar en que medida o alumnado é quen de participar na planificación e realizar un traballo de indagación sobre o terreo. Trátase de avaliar especialmente a aplicación dos conceptos, técnicas e destrezas da xeografía á análise e interpretación da realidade próxima.

## **7.10-CRITERIOS DE AVALIACIÓN Hª DA ARTE -2º BAC.**

### **(Durante este curso non se desenvolverá esta materia)**

Realizar e expor traballos sobre calquera aspecto da historia da arte que requiran a utilización das fontes de información ao seu alcance, así como a análise e utilización rigorosa da información obtida, empregando a terminoloxía específica das artes visuais.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade e autonomía do alumnado á hora de utilizar os recursos que ten ao seu alcance para obter información, así como para seleccionar e tratar esa información seguindo criterios científicos.

Tamén valoraranse as seguintes actitudes, valores e normas

-Interese por coñece-los aspectos constitutivos dunha obra de arte.

-Interese por desenvolve-lo gusto estético persoal e respecto pola diversidade de percepcións e de sensacións persoais ante a obra de arte.

-Sensibilidade e preocupación por conserva-lo contorno artístico local.

-Valoración da influencia dos factores históricos nas obras de arte.

- Valoración das obras de arte do contorno mediante a súa comprensión histórica e artística.
- Respecto e valoración crítica de concepcións estéticas e formas artísticas afastadas do gusto persoal.
- Valoración do protagonismo do mecenas e do comitente no proxecto e na creación das obras e nos programas artísticos.
- Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana e como conciencia crítica da historia.
- Actitude aberta diante das linguaxes artísticas de vangarda como resposta ante problemas estéticos.
- Sensibilidade e interese polo coñecemento e conservación do patrimonio artístico e cultural galego.

## **7.11- CRITERIOS DE AVALIACIÓN-XEOGRAF E Hª DE GALICIA**

1. Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a formación histórica da identidade colectiva de Galicia.

Trátase de avaliar a capacidade de situar temporalmente e explicar a importancia histórica de fenómenos como o megalitismo atlántico, a cultura castrexa, o camiño de Santiago, a revolta antinobiliaria dos irmandiños, o poboamento disperso ou a xestión agroecolóxica da paisaxe. Valorarase a capacidade de identificar e contextualizar ese legado material e simbólico para a sociedade galega actual.

2. Analizar e explicar os cambios estruturais producidos en Galicia durante o Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo.

Trátase de comprobar que o alumnado entende as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.

3. Coñecer e caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e movementos sociopolíticos que influíron na evolución histórica da Galicia contemporánea, identificando as achegas dos pensadores máis destacados e os avances que produciron esas ideas e reivindicacións nos ámbitos das liberdades civís e políticas e do benestar das persoas.

Trátase de comprobar que o alumnado entende os principios das ideoloxías políticas que influíron na evolución da organización política da sociedade galega nos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa.

4. Comprender as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia do primeiro terzo do século XX e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais.

Trátase de comprobar que o alumnado entende as peculiaridades do desenvolvemento económico da Galicia anterior á Guerra Civil, as características da emigración de retorno e a importancia dos movementos sociopolíticos e do patrimonio industrial na formación dunha identidade colectiva.

5. Comprender os conflitos sociais e os cambios que se produciron en Galicia durante a ditadura franquista.

Con este criterio comprobarase se o alumnado ten competencia para analizar e explicar a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais. Valorarase positivamente o rexeitamento das ditaduras, das políticas económicas agresivas co medio natural e do espolio dos recursos endóxeos das poboacións dun territorio.

6. Describir as características do proceso autonómico en Galicia, identificar as características do Estatuto de autonomía no marco da Constitución de 1978 e coñecer as organizacións e persoeiros que protagonizaron os cambios políticos, económicos, sociais e culturais na Galicia do último cuarto do século XX.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para explicar esas mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e riqueza ambiental fronte aos problemas derivados da globalización neoliberal e do cambio climático.

7. Comprender a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español en comunidades autónomas, e a importancia do ingreso na Unión Europea, que achegou as condicións de vida da sociedade galega aos niveis de liberdades políticas e benestar da Europa máis desenvolvida.

Trátase de comprobar que o alumnado é quen de entender e explicar o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social acadados desde os anos 80 do século pasado.

8. Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas básicas de investigación en XEOGRAFÍA E HISTORIA, como seleccionar a información relevante en fontes diversas e analizala criticamente no marco das explicacións actuais sobre o pasado colectivo e a conformación da identidade galega, utilizando con rigor o vocabulario específico e traballando en grupo cunha actitude participativa e colaborativa na resolución de conflitos.

9. Coñecer os principais trazos dos séculos medievais, a orixe e expansión do Islam. Historia Moderna e Contemporánea de Galicia.

## **7.12- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NA ESO.**

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continúa e final da materia son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe , que xa aparecen anteriormente.

A avaliación será formativa e integradora .Cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado , estableceremos medidas de reforzo , procurando mellorar o proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións con as cualificacións correspondentes .

**ESO-** Podemos pensar que o criterio de cualificación debe de ser a suma ponderada das medias dos resultados do alumnado nos diferentes instrumentos de avaliación empregados .

Nos cursos de 1º ESO a 4º ESO , se valorarán os coñecementos , a expresión escrita , a presentación de traballos e exame, xunto con a libreta . As incorreccións ortográficas descontan do xeito acordado no pasado curso , establecidas para todos os Departamentos do IES Marco do Camballón. A actitude na clase , a participación e o interese.

Teremos 3 recuperacións ó longo do curso . Faranse despois da reunión de avaliación á volta das vacacións de Nadal, Semana Santa e antes do verán.

## **AVALIACIÓN DE 1º ESO a 4º ESO**

DOMINIO DOS CONTIDOS RELACIONADOS COS ESTÁNDARES .	80%
TRABALLOS ENTREGADOS EN PRAZO. AVALIADOS CUNHA RÚBRICA	10%
VALORACIÓN DA LIBRETA	10%

Cando o alumno obteña tras a ponderación , unha calificación igual ou superior a 5 puntos , considerarase aprobado e promocionará . Para a promoción na nosa área , cumprirá ter en conta o que recolle a LOMCE .-**Repetirán curso cando teñan 3 ou mais áreas suspensas, salvo que excepcionalmente , o equipo docente considere outra opción.**

## **AVALIACIÓN 1º BAC.Hª.M.C.**

<b>DOMINIO DOS CONTIDOS</b>	<b>TEXTOS ENTREGADOS EN PRAZO</b> <b>20%</b>
<b>COMENTARIO</b> <b>40%</b>	
<b>PREGUNTAS TEORÍA</b> <b>40%</b>	

## **AVALIACIÓN 2º BAC.Hª DE ESPAÑA**

<b>EXAME ( COMENTARIO DE TEXTO).PREGUNTA VOCABULARIO</b>	<b>90%</b>
<b>TEXTOS ENTREGADOS EN PRAZO</b>	<b>10%</b>

## **XEOGRAFÍA DE ESPAÑA 2º BAC e Hª da ARTE**

Proba extraordinaria, trátase dunha proba única e definitiva na que para aprobar hai que chegar ao 5 . En setembro entran todos os bloques de contido. No Bacharelato o alumno/ a pasará a segundo cando teña un máximo de dúas materias suspensas e en segundo curso deberá de matricularse das áreas suspensas de primeiro.

### **7.13-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NO BACHARELATO.**

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumno a consecución de determinados obxectivos ( madurez, formación coñecementos e habilidades ). Contribuirá a desenvolver as capacidades que lle permitan a desenvolver as capacidades que lle permitan exercer a cidadanía democrática . Consolidar a madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable . Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre os homes e as mulleres . Afianzar os hábitos de lectura , estudo e disciplina . Coñecer e valorar críticamente a realidade dun mundo contemporáneo . Ter un espírito emprendedor con actitudes de creatividade.

As decisión sobre a PROMOCIÓN, serán adoptadas de forma colexiada atendendo ó logro dos obxectivos da etapa , e grao de consecución das competencias. A repetición é unha medida excepcional , e tomarase tras as medidas de reforzo e apoio para superar as dificultades de



aprendizaxe . Pódese pasar de curso tendo valoración negativa en 2 materias como máximo. De forma excepcional , poderá autorizarse a promoción de un alumno con avaliación negativa en 3 materias , en determinadas circunstancias , consultar ORDE 9 XUÑO 2016.

Quenes teñan algunhas materias superadas e outras non . Deberan matricularse das non superadas .

## **8-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .**

Un dos aspectos que non debemos de esquecernos de avaliar é o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente.Elaboramos unha serie de indicadores de logro que recollen dimensións básicas .

-O seguimento da Programación.

-Atención á diversidade

-Ejercicios , actividades ou tarefas na aula .

-Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.

## **8-TÁBOA INDICADORES DE LOGRO**

	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
Como norma xeral fanse explicacións para todo o alumnado. Ofrénsense a cada alumno as explicacións individualizadas.				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade. Elabóranse probas de avaliación adaptadas				
Utilízanse diversas estratexias en función dos temas . Combínase o traballo individual e en equipo. Incorpóranse as TIC				
Préstase atención á transversalidade.				
Propoñemos actividades de mais nivel para os que				

acadan fácilmente os  
obxectivos  
Cóméntase ó alumno as  
probas escritas  
Grao de implicación do  
profesorado nas funcións de  
tutoría  
As medidas de apoio , reforzo  
vinculadas aos estándares .

En función das características  
dos alumnos propoñemos  
tarefas e logros diferentes.  
Organízase o tempo en  
relación das actividades a  
realizar.  
Realizamos as actividades  
complementarias e  
extraescolares

Para todo isto , previamente teño que ter claro os obxectivos didácticos a conseguir, seleccionando os contidos , estratexias de programación de actividades según os alumnos Establecendo os instrumentos de avaliación e autoavaliación. A continuación propoño un modelo .

Varias rúbricas por curso.

## EXEMPLOS DE RÚBRICAS 1º ESO. Evolución humana

Unidade	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
---------	--------------------	---------------------------	-------------------------

Unidade 1	CSC7CCEC	Identifica elementos que son herdanza do pasado.	Grao mínim	Peso cualificación	Proba escrita	caderno	Obs. aula
Unidade 2	CSC/CCEC	Nomea 4 fontes históricas.					
Unidade3	CSC/CMCCT	Ordea temporalmente feitos históricos.					
Unidade 4	CSC/CMCCT	Recoñece rasgos evolutivos ata chegar ao home actual					
Unidade 5	CSC/CCE	Interpreta un mapa cronolóxico da expansión do xénero homo.					

## RÚBRICA XENÉRICA

Cada actividade será valorada de acordó coa seguinte rúbrica xenérica:

CUALIFICACIÓN	SIGNIFICADO	Valor da nota
<b>MM</b>	<b>Moi mal a actividade non satisfai ningún criterio</b>	<b>0%</b>
<b>M</b>	<b>Mal-A actividade satisfai de modo insuficiente os criterios de cualificación.</b>	<b>25%</b>
<b>R</b>	<b>Ben-A ctividade satisfai de modo suficiente os criterios de avaliación</b>	<b>50%</b>
<b>B</b>	<b>Ben-Satisfai de modo notable</b>	<b>75%</b>
<b>MB</b>	<b>Moi ben-Satisfai de modo excelente .</b>	<b>100%</b>

## RÚBRICA PARA AVALIAR UNHA TAREFA 2º ESO-2ºBAC.XEOGRAFÍA

Criterios de avaliación	Indicadores asociados aos criterios de avaliación.	Competencia asociada	Instrumentos de avaliación	Grao de consecución de competencias .			
				O consegue	Non totalmente	Con dificultade	Non o consegue
Describir os rasgos físicos dos distintos continentes e localizalos no espazo.	1- Búsqueda información	CAA	Rexistro do traballo na aula.	Selecciona ben as fontes.	Non as selecciona ben.	Nin selecciona nin organiza a información	Non selecciona información
Facer a representación dos rasgos climáticos .	2-Organizar a información.	CD	Traballo de campo.	Organiza a información moi ben	Organiza a información parcialmente.	Non organiza a información.	Non organiza información
	3- Representación de gráficas	CD/CSIEE	Corrección do traballo na aula	Fai as gráficas ben	Comete erros	Non sabe .	

## RÚBRICA PARA 3º ESO-EXPOSICIÓN ORAL

CATEGORÍA	SOBRESAÍNTE	NOTABLE	APROBADO	INSUFICIENTE
FALA	Despacio e con claridade	Despacio e con claridade case sempre	Unhas veces despacio outras acelérase	Pronunciación dificultosa e se acelera ou vai despacio
VOCABULARIO	Apropiado	Bastante apropiado	Non inclúe vocabulario novo	Algunhas frases non se entenden.
VOLUME	Volume alto todo o tempo	Volume alto o 90 % do tempo	Volume alto o 80% do tempo	Volume débil
COMPRESIÓN	Contesta a preguntas que lle fan	Contesta a case todas	Contesta a algunha	Non contesta a ningunha.

POSTURA CORPORAL E VISUAL	Postura e xesto moi adecuado	Postura e xesto adecuados case sempre	Algunhas veces postura e xesto adecuados	Nin postura nin xesto adecuados
CONTIDO	Entende o tema	En xeral ten bon entendemento do tema	Entende partes do tema	Non entende ben o tema.

## RÚBRICA PARA 4º ESO . RÚBRICA SOBRE UNHA PERSONAXE HISTÓRICA

CATEGORÍA	SOBRESAÍNTE	NOTABLE	APROBADO	INSUFICIENTE
FORMATO	Nome da personaxe, materia a tratar e autor de biografía. Identificados  Texto organizado en apartados identificados .  Biografía que inclúe ilustracións , ben ubicadas .	Aparecen ben ubicados : personaxe , autor e biografía.  Texto ben organizado en apartados .  As ilustracións , a veces non ligadas co contido escrito.	Aparecen ben identificados e ubicados : personaxe , autor e biografía .  Tipos de letra e presentación suficientes .  Algunhas ilustracións fora de lugar .	Aparecen non ben identificados : Personaxe, autor e biografía.  Texto mal presentado e organizado.
REDACCIÓN	Con claridade e coherencia . Vocabulario adecuado	Claridade na expresión .	Redacción poco clara .	A redacción non permite entender o contido.
ORTOGRAFÍA	Ningún erro	Algún erro puntual	Algúns erros non graves	Erros graves
CONTIDO	Datos básicos ben expostos . Linguaxe fluída . Valoración da personaxe . Fontes , ben nomeadas	Datos básicos ben expostos . Linguaxe fluída . Non fai valoración da personaxe . Nomea algunhas fontes .	Poucas referencias ás fontes e non fai a valoración.	Non aporta datos básicos .

## 2º BAC.Hª da Arte.

### RÚBRICA COMO AVALIAR A CREACIÓN DUNHA OBRA DE ARTE .

CATEGORÍA	SOBRESAÍNTE	NOTABLE	APROBADO	INSUFICIENTE
INFORMACIÓN PREVIA	<i>Información exhaustiva, antes de crear a obra</i>	Moita información antes de crear a obra	Suficiente información antes de crear a obra	Pouca información

A OBRA DE ARTE É	<i>Moi creativa e plasma moi ben o tema</i>	Bastante creativa e plasma ben o tema	Suficientemente creativa	Nin crea , nin plasma o tema
TÍTULO	<i>Orixinal e suxerente</i>	Bastante orixinal	Título algo creativo	No título , non aporta nada
DESCRIPCIÓN	<i>Descrición moi detallada</i>	Bastante detallada	Suficientemente detallada	Pouco detallada
ORTOGRAFÍA	<i>Non existen erros ortográficos</i>	Falta algún acento	Ortografía suficiente	Moitas faltas de ortografía
TÉCNICA	<i>Técnica moi axeitada</i>	Técnica bastante axeitada	Suficientemente axeitada	Técnica non axeitada

## RÚBRICA 2º BAC –HISTORIA DE ESPAÑA-SOBRE LA REDACCIÓN DUN TEXTO

ASPECTOS A AVALIAR	Sobresainte	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
Tempo de entrega	Entrega no día e hora acordados	Entrega o texto 1 día tarde	Entrega o texto 2 días tarde	Entrega 3 días tarde	Despois de 3 días .
Redacción	Claridade, sencillez. Cumple con a introducción, desenv conclusión	Redacción ambigua. Pero cumpre co básico	Pouca claridade e precisión	Non cumpre cos principios básicos	Non presenta boa redacción
Ortografía	Non presenta erros	Texto con menos de 3 erros ortográficos.	Entre 4 e 6 erros ortográf.	Entre 6 e 10 erros ortográf	Máis de 10 erros.
Extensión	Cunha extensión acertada	Pásese un pouco do que se pedía	O escrito é menor a 2 páxinas	Unha páxina	Menos de Unha páx.
Contido	Se adapta ó tema solicitado	Discordancia co tema	Hasta chegar ao 50% do contido non existe relación co tema.	Ideas non claras	Non se trata o tema
Limpeza	Moi ben sen tachóns.	Algúns tachóns	Moitos tachóns	Moitos tachóns	Tachóns e sucia
Presentación	Manuscrito, lexible.	En unha folla diferente á solicitada.	Nalgunhas partes non se le ben.	Folla dierente á solicitada	llexible
Portada	Adáptase ao que se lle pedía	Portada incompleta	Ten algún erro ortogrf.	Omitiu datos	Non presentou portada

Formato	Utiliza marxes de 2 cm de ancho	Non se axusta ó marxe.	Non respecta o marxe.	Non respecta o formato.	So respecta un dos elementos d o formato.
---------	---------------------------------	------------------------	-----------------------	-------------------------	---

## RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUN MAPA CONCEPTUAL- 1º BAC H.M.C.

CATEGORÍA	EXCELENTE MAPA CONCEPTUAL	BO MAPA	MAPA REGULAR	NECESITA MELLORAR
CONCEPTOS E TERMINOLOXÍA	Entendemento e terminoloxía adecuada	Comete algúns erros de termos .	Comete moitos erros.	Non coñece o termo tratado.
RELACIÓNS ENTRE CONCEPTOS	Identifica todos os conceptos importantes	Realiza algunhas conexión erradas	Realiza moitas conexión erradas.	Falta establecer conexións axeitadas
HABILIDADE PARA COMUNICAR CONCEPTOS.	Mapa fácil de interpretar.Moi completo, en xerarquías adecuadas	Mapa fácil de interpretar	Realiza poucas conexión entre os conceptos	O resultado final , non é un mapa conceptual.

## RÚBRICA DA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA.

	EXCELENTE1,5	SATISFACTORIO1	BÁSICO0,5	ESCASO0
Traballa coas compañeiras e compañeiros	<b>Sempre</b> traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros.  <b>Nunca</b> mostra actitudes sexistas nin discriminatorias.  <b>Nunca</b> usa linguaxe sexistae/ ou discriminatoria.  <b>Sempre</b> respecta a diversidade.	<b>Case sempre</b> traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros.  <b>Case nunca</b> mostra actitudes sexistas nin discriminatorias .  <b>Case nunca</b> usa unha linguaxe sexistae/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese.  <b>Case sempre</b> respecta a diversidade.	<b>Ás veces</b> traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiras/os pero prefire traballar só con parte deles/as.  <b>Ás veces</b> mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias.  <b>Ás veces</b> usa unha linguaxe sexistae/ou discriminatoria pero trata de autocorríxirse.  <b>Ás veces</b> respecta a diversidade.	<b>Ten dificultades</b> para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. <b>Con frecuencia</b> mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias.  <b>Con frecuencia</b> usa unha linguaxe sexistae/ou discriminatoria e non trata de autocorríxirse.  <b>Nunca ou case nunca</b> respecta a diversidade.

<b>Rese e coidado do material</b>	<p><b>Sempre</b> participa activamente nas actividades propostas.</p> <p><b>Sempre</b> se interesapor manter en boestado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.</p>	<p><b>Case sempre</b> participa activamente nas actividades propostas.</p> <p><b>Case sempre</b> se interesapor manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.</p>	<p><b>Ás veces</b> participaactivamentenas actividades propostas.</p> <p><b>Ás veces</b> interésasepor manter en boestadoomaterial, propio e alleo, e respecta as normas de uso.</p>	<p><b>Nuncaou case nunca</b>participaactivamente nas actividades propostas.</p> <p><b>Ten dificultades</b> para manter en boestadoomaterial, propio e alleo, e para respectar as normas de uso.</p>
<b>Organización de valores</b>	<p><b>Sempre</b> é solidario/aeofrece a súa axuda cando alguén a necesita.</p> <p><b>Sempre</b> cumpreasnormasporque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución.</p> <p><b>Sempre</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medioambiente.<b>Sempre</b>aplicahábitos de hixiene e saúde.</p>	<p><b>Case sempre</b>é solidario/aeadoitaofrecer a súa axuda cando alguén a necesita.</p> <p><b>Case sempre</b> cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrase na súa solución.</p> <p><b>Case sempre</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente.</p> <p><b>Case sempre</b>aplicahábitos de hixiene e saúde.</p>	<p><b>Ás veces</b> é solidario/ae ofrece a súa axuda cando alguén a necesita.</p> <p><b>Ás veces</b> noncumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrase na súa solución.</p> <p><b>Ás veces</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente.</p> <p><b>Ás veces</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.</p>	<p><b>Nunca ou case nunca</b>ésolidario/aetendificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita</p> <p><b>Nunca ou case nunca</b>respecta as normas e non adoita involucrase na solución dos conflitos.</p> <p><b>Nunca ou case nunca</b>adoptaactitudes de respecto e coidado do medio ambiente.<b>Nunca ou case nunca</b>aplica hábitos de saúde e hixiene.</p>
<b>Participación no grupo</b>	<p><b>Sempre</b> participa activamente no traballo en grupo, implicase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente.</p> <p><b>Sempre</b> admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai.<b>Sempre</b> respecta as quendas.</p>	<p><b>Case sempre</b>participa no traballo en grupo, adoita implicarse na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente.</p> <p><b>Case sempre</b>admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai.<b>Case sempre</b> respecta as quendas.</p>	<p>Participa no traballo en grupo pero só <b>ás veces</b> se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente.</p> <p>Só <b>ás veces</b> admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolverconflitos se os hai.</p> <p>Só <b>ás veces</b> respecta as quendas.</p>	<p><b>Nunca ou case nunca</b>participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente.<b>Nunca ou case nunca</b>admiteninrespecta as opinións nin axuda a resolverconflitos.<b>Nunca ou case nunca</b>respecta as quendas.</p>
<b>Responsabilidade</b>	<p><b>Sempre</b> cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas.</p> <p><b>Sempre</b> éresponsableá hora de traer omaterialnecesario.</p>	<p><b>Case sempre</b>cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas.</p> <p><b>Case sempre</b> é responsable á hora de traer o material necesario.</p>	<p><b>Ás veces</b> nonrespecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas.</p> <p><b>Ás veces</b> non é responsable á hora de traer o material necesario.</p>	<p><b>Nunca ou case nunca</b> respecta os prazosnin realiza a maioría das tarefas.<b>Nunca ou case nunca</b>atrae o materialnecesario.</p>
<b>D/A:</b>			<b>NOTA: 0,75</b>	



## RÚBRICA DA COMPETENCIA DIXITAL

	<b>EXCELENTE (2,5-2 puntos)</b>	<b>SATISFACTORIO (2-1,5 puntos)</b>	<b>BÁSICO (1,5-1 puntos)</b>	<b>ESCASO (1-0 puntos)</b>
<b>Fontes de información (2,5 puntos)</b>	<p>Procurainformación na rede demostrando habilidade no seu filtrado.</p> <p>Extrae a información precisa, escollendo con criterio o que realmente necesita.</p> <p>Procesa a información e manipúlala tratando de evitar o copiado literal.</p>	<p>Procurainformación na rede pero ten certa dificultade no seu filtrado.</p> <p>Extrae a información precisa, aínda que ás veces necesita axuda.</p> <p>Procesa a información e manipúlala, pero non se preocupa por evitar o copiado literal.</p>	<p>Procura información na rede de formaguada.</p> <p>Non ten un criterio claro para extraer a información precisa e necesita axuda constante.</p> <p>Fai una manipulación da información moi básica e cópiaa toda ou case toda de xeito literal.</p>	<p>Cústalle moito a procura de información na rede aínda que sexa de forma guiada.</p> <p>Non é capaz de extraer da información os datos que precisa.</p> <p>Non manipula nin procesa a información.</p>
<b>Capacidade para traballar coas TIC (2,5 puntos)</b>	<p>Coñece e usa aplicacións informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manéxaas con destreza e crea documentos de calidade.</p>	<p>Coñece e usa a maioría das aplicacións informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manexa a maioría delas con bastante destreza e crea documentos dixitais dunha calidade aceptable.</p>	<p>Coñece e usa só algunhas aplicacións informáticas axeitadas para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. Necesita bastante axuda para manexalas e para que os documentos xerados sexan dunha calidade mínima.</p>	<p>Non coñece nin usa as aplicacións máis comúns axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. Necesita axuda constante para o seu manexo e, mesmo de xeito guiado, produce documentos de baixa calidade.</p>
<b>Linguaxe específica (2,5 puntos)</b>	<p>Interpreta correctamente a simboloxía propia das aplicacións informáticas, de modo que é capaz de iniciarse de forma autónoma no seu manexo.</p>	<p>Interpreta correctamente a simboloxía propia das aplicacións informáticas, pero precisa de axuda para iniciarse no seu manexo.</p>	<p>Ten dificultades na interpretación da simboloxía propia das aplicacións informáticas e presenta dificultades para desenvolverse con elas, precisando de axuda.</p>	<p>Non coñece a simboloxía propia das aplicacións informáticas e non é quen de utilizalas correctamente aínda que sexa de forma guiada.</p>
<b>Respecto no uso de recursos dixitais (2,5 puntos)</b>	<p>Sempre inclúe nas súas producións as referencias ás fontes utilizadas.</p> <p>Sempre respecta os principios legais e éticos na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p>Case sempre inclúeas referencias ás fontes utilizadas.</p> <p>Case sempre respecta os principios legais e éticos na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p>Esquécese con frecuencia de facer referencia ás fontes utilizadas.</p> <p>Hai que lembrarlle a cotío que respecte os principios legais e éticos na utilización de fontes e/ou contidos.</p>	<p>Non fai referencias ás fontes utilizadas.</p> <p>Non amosa interese polo respecto aos principios legais e éticos na utilización de fontes e/ou contidos, incumpríndoos intencionadamente.</p>

### **RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Respecto pola cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implicase activamente cando corresponde.</p>	<p>Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa.</p>	<p>Ás veces mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse nesta tarefa.</p>	<p>Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio.</p>
<b>Goce da cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas,enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas,pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>	<p>Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos.</p> <p>Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>
<b>Participación</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>
<b>Habilidades creativas</b> (2,5 puntos)	<p>Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>	<p>Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>	<p>Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>	<p>Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar algún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>

## RÚBRICA DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Esfuerzo e actitude</b> (2,5 puntos)	Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Sempre se interesa polas actividades da clase. Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos.	Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Case sempre se interesa polas actividades da clase. Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esforzase na comprensión de conceptos.	Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cústalle memorizar. Ás veces interésase polas actividades da clase. Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforza ás veces na comprensión de conceptos.	Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cústalle moito memorizar. Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase. Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos.
<b>Organización e planificación</b> (2,5 puntos)	Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos. Sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos. Case sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Ás veces comete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos. Ás veces cústalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos secundarios.	Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos. Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.
<b>Estratexias e xestión da aprendizaxe</b> (2,5 puntos)	Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendimento. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	Case sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendimento satisfactorio. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	Coñece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto. Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe.	Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado. Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe.
<b>Autonomía e capacidade de autoavaliación</b> (2,5 puntos)	Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas.	Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas.	Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas.	Nunca ou case nunca avalía as súas producións. Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
	Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas.	Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas.	Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas.	documentarse nin como apoio para realizar as tarefas.

## **9-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES .**

A atención ao alumnado coa materia de XEOGRAFÍA E HISTORIA suspensa de cursos anteriores correspóndelle ao Departamento. Realizarase en función do establecido no Plan de Pendentes. Se lles entregarán un total de 12 entregas ao longo do Curso Académico, sobre a materia propia de cada Currículo. O medio utilizado para a entrega e corrección de tarefas será o Gogle Classroom. Tendo un mínimo 8 tarefas feita , para seguir o proceso de avaliación das mesmas. En xaneiro e maio celebraranse probas que tratarán sobre a materia entregada nesas tarefas .

Considerarase que o alumno superou a materia , se obtivo un 5 ou unha nota superior. No exame escrito ten que ter mínimo de 3,5.

## **10-ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS , NO CASO DO BACH.**

Non existen materias no Departamento aos que lle afecte este apartado . Non é de aplicación.

## **11-DESEÑO DO MODELO DE AVALIACIÓN INICIAL. Mostramos un exemplo .Curso 1º ESO**

NOMBRE Y APELLIDOS \_\_\_\_\_

CURSO \_\_\_\_\_ FECHA \_\_\_\_\_

*Lee atentamente todas las preguntas. Puedes responder en el orden que quieras (empieza por lo que mejor sepas) pero señala el nº de pregunta que realizas. Pregunta lo que no sepas y piensa antes de contestar, ¡suerte!*



FALTAS DE ORTOGRAFÍA:

TU NOTA ES:

1. **VOCABULARIO.** Define brevemente las siguientes palabras:


- Historia:

- Evolución:

- Edad de los Metales:

- Prehistoria:

2. **MAPA.** Señala en el mapa el origen del ser humano y cómo se extendió por todos los continentes.



4. **PREGUNTAS "CORTAS"**. Responde **sólo 5 preguntas**:

- a) Explica qué diferencia hay entre la economía cazadora-recolectora y la economía productora. Además, ¿a qué período de la Prehistoria corresponde cada una?
  
- b) Señala dos semejanzas y dos diferencias entre la civilización mesopotámica y la civilización egipcia.
  
- c) ¿Qué fueron las colonizaciones griegas? ¿Qué causas las motivaron?
  
- d) ¿Qué modelos políticos utilizaban las polis de Atenas y Esparta? ¿En qué se diferenciaban?
  
- e) ¿Quiénes lucharon en las *Guerras Médicas*? ¿Y en las *Guerras del Peloponeso*? ¿Por qué?
  
- f) ¿Qué es la mitología? Explica brevemente tres características y enumera alguno de los dioses del Olimpo.

3

A avaliación parte de :

-A observación do grupo e actitude de cada alumno.

---

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022



- Breves entrevistas con algún.
- Proba escrita de mínimos
- Datos relativos ao entorno socio-familiar
- Intervención educativa que se levará a cabo con determinados alumnos .

## **12-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A maior novidade da Lomce neste apartado son os PEMAR ( programas de mellora da aprendizaxe e do rendimento ). Desaparecendo os PCPI e creando a Formación Profesional Básica , estruturada en dous cursos.

Posibles medidas de atención :

- Variación da metodoloxía.
- Apoios individualizados
- Adaptar o materia didáctico
- Diminuir ou aumentar o ritmo de presentación dos contidos.

En situacións de ensino semipresencial ou non presencial a comunicación con este alumnado realizarase a través do Google Classroom.

Neste curso académico 2020-21 faremos unha adaptación curricular (ACS) ao alumno Nicolás Pena Morgosa 1º ESO A. Esta Adaptación está en mans do Departamento de Orientación do Centro . Continuamos con a do curso pasado pero con modificacións na metodoloxía. Este curso contamos con dúas especialistas que traballan, parte das xornadas, na aula co alumno.

## **13-CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

**ACTIVIDADES QUE O DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS-XEOGRAFÍA E Hª PROPÓN: os coidados a través da situación da muller**

Durante este curso participaremos no proxecto Club de Letras, xunto con outros Departamentos do Centro. Traballaremos contidos relativos á situación da muller e os coidados. O alumnado de 1º da ESO investigará diversos aspectos relacionados coa muller durante a Idade Antiga.

Os contidos transversais cos que se traballará en todos os cursos adaptándose ao seu nivel de madurez relaciónanse a continuación:

-A educación cívica-Será o punto de saída para os demais contidos transversais . Esta educación quere formar hábitos de convivencia que reforcen os valores de xustiza , solidariedade, cooperación e respecto.

-Educación para a igualdade de oportunidades en ámbolos sexos .A prevención da violencia de xénero ou en contra das persoas discapacitadas persegue que as desigualdades non sexan transmitidas pola educación académica .

-Educación para a paz- é educar en valores e ademais unha educación para a acción.

-Educación para a saúde – oriéntase no senso da saúde física , biolóxica , mental e social. Rexeitar conductas sexistas , tanto nos medios de comunicación , como no ámbito familiar . E asumir pautas de conducta integradoras .

-Educación e seguridade viaria- Responsabilidade dos peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas e vehículos a motor. Respectando as normas e sinais .

-A educación do consumidor –Valorando críticamente a sociedade de consumo, actuando de forma responsable.

## **14. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL E APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR**

### **14.1 USO DE GOOGLE CLASSROOM**

No suposto de educación a distancia, e co alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial co conxunto da aula, utilizarase Google Classroom.

A principio de curso as integrantes do Departamento crearán os cursos necesarios para atender aos diferentes grupos e facilitarán a clave de acceso ao alumnado. Realizaranse actividades que permitan dar a coñecer o funcionamento do seu curso e da metodoloxía a seguir nunha situación de ensino a distancia.

O ensino non presencial, en caso de ser necesario, será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través do curso de Classroom de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento dese alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual. Igualmente os integrantes do Departamento poderán establecer tarefas que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua dela.

## **14.2 APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON IMPARTIDAS NO CURSO PASADO**

Con respecto a aquelas aprendizaxes imprescindibles no curso pasado, nos niveis de 2º, 3º e 4º da ESO e 2º BAC, o profesorado da materia dedicará as primeiras clases do curso que sexan necesarias a facer unha explicación delas para posibilitar a adecuada progresión do alumnado. O número de aulas adicadas a esta finalidade deberán posteriormente terse en conta na periodización da materia correspondente ao curso actual, adaptándoa segundo as necesidades de cada grupo de alumnado. As citadas aprendizaxes non serán avaliábeis, por teren a exclusiva finalidade de posibilitarlle ao alumnado o adecuado seguimento daqueles contidos correspondentes ao actual curso.

## 15-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 2021-22

### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021-22

Avaliación	Actividades	Departamentos colaboradores	Cursos
1ª	Visita ao castro de San Cibrao de Lás		1º ESO, 2ª BAC
2ª	Visita á Catedral de Santiago	Departamento de Relixión	1º e 2º Bach 1º,2º,3º,4º ESO
2ª	Ruta do Románico en Silleda	Departamento de Relixión	2º ESO
2ª	Ruta do Románico en Lalín	Departamento de Relixión	3º ESO
2ª	Ruta do Románico en A Golada, Arzúa e Vila de Cruces	Departamento de Relixión	2º,3º,4º ESO
3ª	Tramo do Camiño de Santiago	Departamento Relixión	De 1 de ESO a 2º de Bach
3ª	Visita a á contorna	Departamento de Relixión e Biblioteca	1º, 2º, 3º, 4º de ESO e 1º de BAC
3ª	Visita á cidade de Lugo (Domus de Mitreo)	Departamento de Latín e Grego	1º e 3º da ESO, 2º BAC

Estas actividades desenvolveranse sempre que a situación sanitaria o permita.

## **16-MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN, EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA**

A Programación está a disposición da comunidade educativa, na páxina web do Centro. Podendo sufrir algunha modificación e beneficio do proceso educativo . Tales modificacións figurarán nunha Acta do Departamento e recolleranse a final de curso na Memoria.

A avaliación da Programación faise por medio dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente . A análise dist e dos resultados académicos, realizada nas reunión de Departamento ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas. Pode suponer a modificación de aspectos da mesma, tanto no nivel de obxectivos , como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan una mellora .

A continuación metemos una serie de táboas de indicadores de logro, da práctica docente e da propia avaliación da Programación.

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, o Departamento deseñou este instrumento, no que 4 é a cualificación máis alta e 1 , a máis baixa :

## **TÁBOA DE MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

INDICADORES	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades a partir do currículo.				
Secuenciación e temporalización.				
Adecuación do grao mínimo de consecución.				
Fixación dunha estratexia metodolóxica común.				
Adecuación de secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados .				
Adecuación do libro de texto os obxectivos.				
Adecuación da proba de avaliación inicial ó nivel do curso.				
Adecuación dos criterios de avaliación de pendentes.				
Adecuación dos criterios para o exame de recuperación da materia.				
Adecuación dos exames dependendo de cada estándar.				
Adecuación das medidas específicas no alumnado NEAE				
Grao de desenvolvemento de actividades extraescolares .				
Adecuación dos mecanismos para informas aos país sobre criterios de avaliación.				
Adecuación de seguimento e revisión da programación.				
Contribución dende a materia ao plan de lectura do Centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Os criterios para realizar a avaliación da presente programación son:

- ❖ Analizar o seguimento temporal da programación e o desenvolvemento da mesma indicando os problemas atopados.
- ❖ Cotexar o axuste da secuenciación dos contidos establecida na Programación cos contidos impartidos en cada avaliación.
- ❖ Contrastar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características do alumnado e á dinámica do grupo correspondente.
- ❖ Analizar a eficacia das medidas de apoio e reforzo empregadas.
- ❖ Analizar a adecuación da metodoloxía tanto da xeral como da específica de cada mateia.
- ❖ Analizar a adecuación e a eficacia dos procedementos de avaliación.
- ❖ Analizar o aproveitamento dos recursos do Centro.
- ❖ Analizar a idoneidade dos materiais curriculares.

- ❖ Analizar a coordinación no ámbito do Departamento.

As correccións, matizacións e cambios introducidos na programación ao longo do curso escolar recolleranse nas Actas de Reunión do Departamento e expresarase as razóns dos mesmos.

Os resultados da avaliación da Programación así coma as medidas de corrección adoptadas, figurarán na Memoria Final.

# ANEXO

Dado que no presente curso 2021-2022 o Departamento impartirá a materia de **Xeografía e Historia de Galicia** aportamos o seguinte anexo:

## Índice

1. <b>Introdución e contextualización</b> .....	2
2. <b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b> .....	3
3. <b>Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da Xeografía e Historia de Galicia que forman parte dos perfís competenciais</b> .....	4
4. <b>Concreción de obxectivos por curso</b> .....	10
5.- <b>Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada: (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e temporalización)</b> .....	1
6.- <b>Criterios de cualificación</b> .....	23
7.- <b>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente</b> .....	24
8.- <b>Metodoloxía</b> .....	25
9.- <b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	26
10.- <b>Concreción dos elementos transversais en cada curso</b> .....	26
11.- <b>Actividades complementarias e extraescolares</b> .....	27
12.- <b>Materiais e recursos</b> .....	28
13.- <b>Contribución ao proxecto lector</b> .....	29
14.- <b>Contribución ás TIC</b> .....	29
15.- <b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación</b> .....	30



## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O currículo debe adaptarse ás características dos alumnos e ó contexto no que se desenvolve o proceso educativo, é dicir, debe ser un elemento máis dun proxecto educativo que responda ós intereses, necesidades e trazos específicos do contexto histórico, social, cultural e natural desta comunidade autónoma, sen o desligar doutros contextos máis amplos.

Galicia é unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, debido a que posúe evidentes aspectos específicos xeográficos, históricos, culturais e lingüísticos, xa que ten lingua propia, a diferencian doutras comunidades, e debido tamén a que manifestou a súa vontade autonomista plebiscitariamente nos anos 30 que foi plasmada, por vez primeira, no Estatuto de 1936 e, despois, no actual ordenamento constitucional e estatutario de 1981.

Tendo en conta o anterior o estudo científico dos aspectos xeográficos, históricos, artísticos e antropolóxicos do noso país teñen unha grande trascendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual, polo tanto esta materia curricular debe ter a misión de achegarlle ao alumnado unha visión crítica e integral do pasado e do presente da súa propia Comunidade ademais de ter outras funcións como a de formar unha cidadanía responsable, comprometida coa recuperación da identidade colectiva de seu e participativa na construción dunha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas.

Con referencia a competencia social, na avaliación de diagnóstico, concluímos na necesidade de traballar a lectura e comprensión de documentos históricos, artísticos e xeográficos xunto coa descrición e análise de gráficos, taboas e imaxes.

## 2.-AS COMPETENCIAS CLAVE NA AREA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

A LOMCE establece que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias son as sete seguintes:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

As competencias que o alumnado desta etapa educativa debe ter adquiridas na etapa educativa anterior, por iso só faremos unha referencia moi somera a este aspecto centrándonos en aquelas que deben ser reforzadas especialmente.

a) Competencia lingüística centrarase na adquisición do vocabulario específico da materia en lingua galega.

b) Competencia social e cidadá que permita ao noso alumnado desenvolver habilidades sociais, establecer escalas de valores, convivir en liberdade e harmonía e exercer unha cidadanía responsable no exercicio dos seus dereitos e na asunción dos seus deberes. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que deben permitir participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas. Empregarase a reflexión sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes (tanto no pasado como no presente). Potenciarase o diálogo a través da participación en debates nos que se expresen as propias ideas e se escoiten as dos demais. Buscarase tamén o desenvolvemento do sentido colaborativo e participativo por medio da elaboración de traballos en grupo

c) Competencia para aprender a aprender e consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal, favorecendo o coñecemento e valorando criticamente as realidades de Galicia, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

d) Competencia no tratamento da información e competencia dixital que permita buscar e obter información, procedente de fontes variadas, formular criterios de selección e realizar análises críticos da mesma que se tratará de desenvolver por medio de traballos específicos da materia.

e) Competencia cultural e artística para desenvolver a sensibilidade artística, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural empregando como punto de partida o estudo da arte galega.

f) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico para valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DENTRO DO PERFIL COMPETENCIAL**

As competencias clave anteriormente citadas concretanse, para o caso de Xeografía e Historia de Galicia de 2º Bacharelato, nos seguintes estándares de aprendizaxe que nos serven para trazar o **perfil competencial** deste curso .

COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / XEOGRAFÍA E HISTORIA DE GALICIA
CCL	<p>XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico.</p> <p>XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior.</p> <p>XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización.</p> <p>XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.</p> <p>XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.</p> <p>XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.</p> <p>XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna.</p> <p>XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa.</p> <p>XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.</p> <p>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas.</p> <p>XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións.</p> <p>XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais.</p> <p>XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais.</p>

<b>CD</b>	<p>XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.</p> <p>XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc.</p> <p>XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.</p> <p>XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana.</p> <p>XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.</p> <p>XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade.</p>
-----------	---

